

# Un matrimonio provinciano

Marquesa Colombi

Tradución de Isabel Soto



Resulta difícil imaxinar unha mocidade máis monótona, sórdida e carente de calquera alegría ca a miña. Ao lembrala, decorridos tantos e tantos anos, aínda volvo sentir o inmenso fastío daquela calma morta que enchía, inalterable, o longo período de tempo que transcorría entre os espazados e escasísimos acontecementos familiares.

Non coñecín a miña nai, pois morreu no meu primeiro ano de vida. A miña familia estaba composta polo meu pai, o notario Pietro Dellara; por unha vella tía súa, unha solteirona enxoita e seca coma un arenque que durmía na cociña, onde colocara un biombo para ocultar a súa cama, e que pasaba a vida ás escuras detrás del; pola miña irmá máis vella, Caterina, a quen lle chamabamos Titina; e por min, que herdara do meu padriño o desafortunado nome de Gaudenzia, reducido no uso familiar ao ridículo diminutivo de Denza.

Tiñamos unha casa... Meu Deus, vaia casa! O recibidor, de tamaño normal mais baleiro de todo, era tan luminoso que cegaba, e nel non había nin onde pousar un chapeu. Uns cantos testos cun reboutallo de terra erma e uns poucos gallos de plantas mortiñas de sede, porque ninguén se preocupara de regalal, cangábano aquí e acolá e servían, cando cadraba, para manter aberta a porta que conducía á sala.

A sala, ampla, cadrada, luminosa, demasiado luminosa porque nas fiestras non había cortinas, veos, nin colgaduras de ningún tipo, estaba amoblada cun diván acaroado á parede principal, en fronte das ventás; catro butacas, dúas á dereita e dúas á esquerda do devandito diván, arri-madas á parede, e oito cadeiras ao longo das paredes laterais, catro en cada lado. No medio da sala había unha mesa redonda cuberta cun tapete de la, e sobre o seu rosetón central pousárase unha caixa para luvas coa tampa de vidro, a través da cal se vía un par de guantes brancos bastante luídos. A caixa fora un agasallo de voda do meu pai á súa esposa, e as luvas eran as que a miña coitada nai levará o día do seu casamento. Ao redor da caixa dispúñanse encol da mesa dous gardapanos de mesa de cánabo coa frase «Bo apetito» bordada en cada un deles; unha cigarreira de veludo encarnado, cun pensamento bordado en seda; e mais un cartapacio de pel escura acolchado con raso azul mariño, que sempre estaba aberto para deixar ver un cunco e unha bandexa de prata, regalo do meu padriño á miña nai con motivo do meu nacemento.

Ningún daqueles obxectos se usara nunca para o que fora destinado porque o meu pai os consideraba demasiado luxosos e, en consecuencia, deixábaos quedar na sala, a estancia máis suntuosa da casa.

Despois da sala viña o cuarto do meu pai, cun gran leito nupcial que o enchía por completo. Na cabeceira da cama había dúas pías de auga bendita de prata cicelada, que o tempo enferruxara volvéndoas máis bonitas; outras dúas pías de porcelana en forma de anxo, cuxa faldrá levantada servía de prexexa e, finalmente, unha quinta pía de cobre arxénteo, que aínda que perdera a prata era a única que en verdade contiña auga bendita. Sobre as pías penduraban moitas ramas de oliveira e de palma e un fatado de cirios benditos o sábado santo, os cales permitían contar os anos

que había que o meu pai puxera a casa, encozando polos primeiros, representados polas candeas consumidas, que se mantiñan xuntas soamente pola matula de algodón, sobre a cal vellos pedazos de cera denegrada sansanicaban coma unha restrá de salchichas; e pasando, pouco e pouco, ano tras ano, polas candeas ensumidas e tortas; e logo por algunhas enteiras pero gradualmente sucias, que, dende a cor acastañada, chegaban a todos os matices do amarelo; até o cirio do último ano, intacto, case branco, cunhas flores vermellas e verdes pintadas que eran unha beleza.

Á esquerda da cama había un cofre onde o meu pai tiña celosamente gardados os cartos e o que el chamaba «as reliquias familiares»: os daguerrotipos de mamá e del cando eran mozos, case esvaecidos por completo; o capuz que se utilizara no noso bautismo; un mangado de follas amarelecidas que contiñan as súas poesías de xuventude e, finalmente, as xoias de mamá.

Do outro lado da enorme cama había oito cadeiras de respaldo alto, en absoluto antigas nin bonitas, só vellas, e aliñadas coma se fosen outros tantos soldados. Se por casualidade unha delas se separaba un dedo da parede ou quedaba torta, aínda que só fose un milímetro, cara á súa veciña, o meu pai corría poñela no seu sitio, e non quedaba contento se non se aseguraba, anicándose e apuntando coma se fose disparar, de que as oito cadeiras formaban unha perfecta liña recta.

Detrás do cuarto do meu pai había unha gran cociña, na que a tía illara o seu dormitorio co biombo, o que non impedía que alí coubese con toda comodidade unha mesa corrente para usar cando se cociñaba e outra de nogueira meirande na que comiamos.

Tras a cociña había un ancha estancia, de teito baixo e paredes caleadas, onde durmiamos Titina e mais eu. As nosas camas eran bastante rudimentarias, montadas sobre

cabaletes e bancos, cun almadrague e un colchón. Na cabeceira do leito tamén nós tiñamos unha pía de auga bendita, pero a nosa era de barro vernizado, coma as potas da cociña; había tamén unhas imaxes sagradas que, para aforrar o marco, foran encaixadas no muro con cemento, e un rosario de abelás, cunha noz por cada nosopai, que nos fixera cometer, a poder do desexo de manducalas, quen sabe cantos pecados de gula, e que debía a súa salvación, nos primeiros anos, ao seu carácter sacro e, máis tarde, ao fedor rancio das noces.

A casa non dispuña dun xardín, nin dun patio, nin dun balcón para saír respirar ao aire libre.

No entanto, como compensación, o noso pai tiña paixón, fe e case teima polo movemento. Para todas as doenzas, para todas as desgrazas da vida admitía dous únicos remedios que consideraba infalibles: poñerlle unha candea á Virxe e camiñar.

Utilizaba tales remedios tamén como accións preservativas, como simples medidas hixiénicas, xa que na casa non sufríamos doenzas nin desgrazas. Porén, a candea iamos prendela cada venres e, en canto ao camiñar, se o penso agora aínda podoo sentir a dor nas plantas dos pés.

Meu Deus! Que maneira de andar por aqueles camiños principais, anchos, rectos, brancos no inverno pola neve e no verán pola poeira, que se estendían até onde se perdía a vista polas vastas chairas, entre as pradarias e as arroceiras de Novara!

Dixen que o meu pai era notario, pero non se pode dicir que os clientes acudisen en tropel o seu despacho. Contaba cun escribente mozo, e con aquela axuda ben lle abundaba para todo, e aínda lle sobrava tempo para as nosas longas andainas.

Pola mañá obrigábanos a erguernos moi cedo; apenas nos daba tempo a vestirnos e, ala!, a camiñar. Deixabamos

a casa sen trello nin trambello e as camas sen facer, e xa non tiñamos paraxe, dálle que dálle a andar, percorrendo calquera camiño ao chou, ás baroutas.

A el tanto lle tiña como tanto lle daba que os lugares fosen bonitos; non aspiraba a facer excursións alpinas; nada diso. A súa paixón consistía en pór un pé diante do outro durante unha chea de horas seguidas e á volta poder dicir: «Fixemos tantos quilómetros».

Ao que tornabamos, estabamos derreadas e non se pode dicir que nos afanásemos en arrombar a casa. Tiñamos unha criada que chegaba ás oito da mañá e marchaba ás dúas. Durante aquelas horas debía amañar os cuartos, ir ao mercado, cociñar, servir a mesa e lavar a louza.

Así pois, todo se facía ás présas e por riba. Porén, o meu pai era de bo contentar coa comida e, coa orde da casa, bastáballe con que os mobles estivesen no seu sitio e as cadeiras perfectamente aliñadas, e con tal de que fixésemos exercicio, non esixía máis nada.

Tampouco non nos mandaba á escola, porque dicía que todas aquelas horas de inmovilidade eran nocivas. Aprendíanos el de cando en vez a ler, a escribir e a facer contas. E durante os paseos encargábase da nosa educación literaria.

Cando menos iso pensaba el, xa que nos contaba episodios da *Ilíada*, da *Eneida* e da *Xerusalén liberada*. Animábase, acenaba narrando como os heroes que se batían sós contra un exército erguían penedos enormes coma montañas e os arrebolaban contra o inimigo, e realizaban as proezas máis sorprendentes e inverosímiles. Cando remataba aquelas narracións, o noso pobre pai acoraba e suaba a mares, coma se fose el quen realizase aquelas xestas.

Nós non compartiamos en absoluto o seu afervoamento. Privadas do encanto da forma, contadas así, entre dous milleirais, aquelas historias parecíannos extravagancias, e

non alcanzabamos a comprender como podían conformar a nosa educación literaria. Mesturabámolas cos contos raros que nos narraba a tía os seráns de choiva e non lles atopabamos beleza ningunha.

Tras o xantar e a cea volvíamos dar un paseo por outro camiño principal ou ás veces polo mesmo da mañá.

Á cea comíamos frío calquera resto do xantar, e despois saíamos outra vez; camiñabamos polo outro extremo de Novara, até o edificio do mercado, un gran cuadrilátero cercado por todos os lados por uns fermosos soportais, altos e espazosos, e dabamos voltas e voltas ao redor daquel predio, baixo aquelas arcadas desertas e sonoras, até que tiñamos a sensación de que fixeramos un número abondo de quilómetros como para poder ir durmir coa conciencia tranquila.

A nós non nos desgustaba aquel réxime espartano e, en verdade, non se pode dicir que nos aburrísemos, pero tampouco non estabamos contentas nin nos divertíamos. Sentíamos apatía, unha absoluta indiferenza.

No outono saían do internado unhas nosas parentes arredadas que nos chamaban curmás e, antes de que marchasen para o campo, o noso pai levábanos visítalas. Dispuñan dunha sala algo mellor ca a nosa, pero elas estaban alí decontino; tiñan flores, movían os mobles seguido e aquilo parecía outra cousa.

Recibíannos alí, entre os seus bordados e os seus libros. Saudábannos graciosas e desenvoltas, e ofrecíanlle a man ao noso pai, dicíndolle cunha seguridade que nos deixaba pasmadas:

—Bo día, doutor.

E despois volvíanse cara a nós con moito garbo e preguntábannos:

—Queredes que vaiamos xogar fóra ou preferides que quedemos charlar aquí?

Para nós eran dúas cousas igualmente imposibles. Nunca xogaramos. Ninguén nos dera nunca un enredo nin unha moneca, e para correr e saltar na nosa casa non había sitio. O noso único entretemento consistía naqueles interminables paseos. E cando as choivas torrenciais, ou a neve dun metro de alta, ou unha calor de trinta e seis graos á sombra, isto é, un caso de forza maior, impedía as camiñadas durante uns días, tiñamos que ocupar as horas a aprender o famoso *ler, escribir e facer contas*.

Xa que logo, non sabiamos nin xogar nin charlar, e ante aquela pregunta das curmás Bonelli mirabamos a unha para a outra confusas e nunca respondiamos.

E elas dicían:

—Ben, pois quedemos aquí e charlemos.

Colocaban un moucho diante da fiestra, sacaban catro butacas moi baixas, poñíanas ao redor del, sentaban elas as dúas e invitábannos a sentar a nós, e as catro poñiamos os pés encol daquel moucho «para estarmos máis preto», aclaraban, coma se tivéssemos unha gran confianza. Mais nosoutras, por máis preto que estivéssemos, nunca sabiamos que dicir. No entanto elas eran tan agradables e tan amables e sabían tantas cousas, que nos contentabamos só con miralas e con escoitar os seus chismes sobre o colexio no que estiveran e sobre o campo ao que ían.

Ao tornar do campo eran elas as que viñan visitarnos antes de regresar ao internado, e, se cadraba que nos atopaban na casa, o cal non era doado, recibíamolas na sala con moita cerimonia, dicíndolles: «Acomodádevos, sentade», e despois sentabamos nosoutras no diván para servirles de exemplo. E elas respondían: «Grazas, grazas», mais nunca sentaban; buligaban por alí ao redor, tocaban as cousas da mesa, a caixa das luvas, os gardapanos, o cunco, e sempre preguntaban quen fixera isto e quen nos regalara aquilo, e nós repetiamos o conto de cada obxecto.



Axiña se presentaba na sala o noso pai, a quen chamabamos para que nos axudase, e non sei como ocorría, pero pasados dous minutos el xa estaba a narrar con énfase e grandes espaventos algunha fazaña heroica de Áiax ou algún rauto de ira de Orlando. E aquelas raparigas rían, entendían, suxerían e tamén elas coñecían os nomes dos heroes daqueles poemas do noso pai, coma se fosen os seus amigos. Titina dicía:

—Iso é porque xa teñen educación literaria.

Durante o resto do ano falabamos daquela visita entre nosoutras e coa tía. Esta escoitábanos cun gran sorriso beato que deixaba ao descuberto todas as eivas da súa dentadura postiza; parecía coma se lle agradase a nosa charla e mesmo trataba de participar na conversa. Pero cando ría, nunca chegaba a captar o lado cómico do asunto, e ría ela soa por calquera outra razón.

Nunha ocasión, as Bonelli contáranos unha vella anécdota dunha señora que, logo de buscar no horario de trens onde podería facer unha excursión de pracer, ao ver «Novara, Trecate, Magenta, Milán, e viceversa», dixo: «Pois imos a Viceversa!».

Nosoutras rimos un ano co conto aquel, e ao ano seguinte coidabamos que seguiríamos a rir coas curmás, pero elas xa o esqueceran e cando llelo recordamos apenas esbozaron un sorriso e dixeron que era «unha vella estupidez».

No sùmmum da nosa hilaridade, a tía pedíranos moitas veces que lle volvésenos contar a historia e tras oíla estalaba nunha convulsa gargallada e exclamaba: «O Vice-versa! O Vice-versa!», mentres erguía a man coma quen que ver-tía líquido dunha xerra<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup>N. da T.: O que á tía lle fai tanta graza sería, literalmente, «O Vice verte». Trátase dun xogo de palabras intraducible, pois xoga co termo *viceversa* e a frase *il vice versa*, onde aparece o presente de indicativo do verbo *versare*, en italiano «verter».

Na nosa parroquia había un vicepárroco ao que as beatas lle chamaban O Vice, e do cal rexoubaban decontino. Ela pensaba que aquela anécdota era unha parva alusión ao seu Vice, e foi imposible quitarlle da cabeza aquela ocorrencia, que lle parecía enormemente cómica.

Polo demais, a tía dispuña de pouco tempo para chácharas. Sufría de reuma e estaba decote ocupada en pór unha chaqueta enriba doutra ou quitándoa, consonte a temperatura aumentase ou diminuíse un grao.

Ademais tiña os oficios da igrexa, que lle ocupaban moitas horas polas mañás. E tamén enredaba coa criada, a quen ela supuña que lle aprendía a cociñar, arte que ignoraba por completo e para a que era totalmente negada.

Estas son as acordanzas cor de rosa da infancia, a idade dos sorrisos, das alegrías, de todas esas cousas fermosas que se contan e que se escriben.

Despois chegou a mocidade.

Pero entre a mocidade e a infancia, con pouco máis de catorce anos, sucedeu o primeiro grande acontecemento da nosa familia.

O noso pai casou cunha señora moi vella que coñecemos había tempo e que nos producía un gran temor. Durante anos e anos, viámola acudir á igrexa no inverno cunha ampla capa de flanela violeta que a envolvía por completo, e cun chal no brazo para botalo por riba das pernas cando sentaba, porque adoitaba ter friaxe nos xeonllos. Levaba un chapeu extravagante, cunha longa fita de seda que lle caía polas costas e que lle abrigaba o pescozo do vento. Gardaba sempre no manguito unha bóla de latón chea de auga quente, e mastigaba decontino un anaco de anís estrelado para a dixestión. Afeitara o pelo

do cocote porque lle rareara e esperaba que así lle medrase máis mesto, mais non lle crecera e sempre levaba un postizo naquela parte rapada.

Nosoutras pensabamos que andaba polos cincuenta anos, o que aos nosos ollos era a máxima expresión da velleira, porque era a idade da nosa tía. Máis tarde soubemos que tiña corenta e tres, aínda que para nós pouca diferenza había.

Como rimos cando coñecemos a nova de que o noso pai ía casar con ela! Díxonos:

—Comprenderedes, fillas, que o fago polo voso ben. Posúo un pequeno patrimonio, o despacho non produce moitas rendas e o dote da vosa nai redúcese a dez mil liras. Esta boa señora dispón de sesenta mil liras, que algún día vos corresponderán a vosoutras porque non ten parentes, e quéreme moito... Ademais ocuparase un pouco de vós; agora que sodes maiores, precisades unha axuda que a tía non sabería proporcionarvos...

Aqueles días do noivado e da voda aínda foron ben bonitos.

Era outono. As curmás non estaban no internado, e a nós parecíanos mentira poder ir visitalas con aquela gran novidade no peito. De feito, non ben sentamos, cos oito pés encol do moucho, dixéronnos:

—Seica tendes unha noiva na casa, non si?

E botáronse a rir, e nosoutras a rir máis ca elas. Vaia rexouba! Calculabamos que, entre as catro, non sumabamos a idade da noiva. Giuseppina, a curmá máis vella, que tiña quince anos, afirmaba con gran suficiencia:

—Non ben estea colocada a mociña esta, haberá que pensar en casar a tía!

Ah! Que alegría! A noiva convidábanos decotío as catro á súa casa, onde, des que se prometera, colocara enriba da mesa do salón unha prata con améndoas confeitadas que

podíamos coller a doután. E isto durou até o día da voda, é dicir, por volta dun mes e medio ou dous meses.

Que alegría! Puñámonos todas arredor da prata e, manducando améndoas, diciamos todo tipo de malignas asneiras á conta da noiva: «Ha estar ben guapa vestida de branco!»; «Daralle apuro atuar o noivo, tan mocíña!»; «Prenderá flores de azar no postizo».

Aquelas estupideces divertíannos coma se fosen as cousas máis graciosas do mundo.

Despois da voda, os acabados de casar marcharon de viaxe, e nós ficamos oito días soas coa tía, que nos obrigaba a saír da casa moi cedo pola mañá para ir á igrexa. Como aínda tiñamos os confeitos e os agasallos nupciais, aquel tempo pareceunos pouco.

Despois, unha tarde, retornou o noso pai coa súa muller, sa, forte, que xa non mastigaba anís estrelado, senón que comía polenta, e feixóns, e cogombros, e toda sorte de alimentos indixestos, e camiñaba coma un carteiro... En resumo, aqueles oito días de viaxe e «o cambio de estado», como lle chamaba ela, deixáranla nova. Desbordaba de enerxía e de vida.

Fixo traer á nosa sala todos os mobles da súa, que, por casualidade, eran precisamente os mesmos que tiñamos nós: un diván, oito cadeiras, catro butacas e unha mesa redonda. Só que os nosos eran verdes e os da acabada de casar encarnados! Non se podían mesturar; aquelas dúas cores non irmandaban.

A esposa resolveu a cuestión colocando a sala encarnada contra a parede dereita e a sala verde contra a parede esquerda, con cadansúa mesa diante, coma se fosen casas independentes. A parede principal, en fronte das fiestras, converteuse nun terreo neutral onde as dúas salas avanzaban cada unha pola súa parte até case a metade, para deterse despois nunha liña de demarcación imaxinaria que

sinalaba o espazo que cumpría interpor entre a última cadeira encarnada e a primeira cadeira verde.

E entón comezaron a vir visitas.

Para nosoutras era unha festa. Corriamos á sala e quedabamos alí sentadas coa boca aberta, escoitando o que dicían. Mesmo a tía, enfeitizada con aquela novidade, puxo un vestido máis sinxelo, máis negro, máis cinguido ca nunca, e unha touca dunha brancura cegadora cunha bonita renda amidonada que lle enmarcaba a face, e foi sentar á sala, riseira e muda, coas mans cruzadas no colo.

A esposa esperou que marchasen as visitas e logo díxonos cun gran descaro:

—Para outra vez, rapazas, non fai falla que veñades á sala cando haxa xente. E vostede tampouco non veña, tía. Ben me vallo eu soa; algunha vantaxe tiña que ter casar de vella.

A tía volveu sen dar palabra ao biombo e nós tornamos ao noso solitario cuarto.

Retomamos os paseos polos camiños na compañía da esposa, que se apoiaba triunfalmente no brazo do noso pai e nos dicía: «Avantade vosoutras». Pero dos percorridos ao redor dos soportais ficamos excluídas. A única ocasión que tiñamos de ver algunha persoa civilizada e ben vestida era xusto cando cruzabamos a cidade despois de cear para irmos aos soportais do mercado. Acabouse! Xa non volvemos por alí.

Pasados os primeiros meses da lúa de mel, a esposa empezou a atondar un pouco a casa, e considerou que aquilo non tiña nin xeito nin modo. E era certo. Decatouse de que non sabíamos nada de cociña. E isto tamén era certo. Explicou que era de apalermados gastar o noso diñeiro engulipando os guisos que mandaba facer a tía. Terceira verdade incontestable.

E pronunciou esta sentenza: «Correndo polos camiños non se aprende nada». O noso pai insinuou temesiño que aproveitaba para «contarnos os clásicos» mentres paseabamos, pero ela encolleu os ombreiros e dixo:

—Si, de acordo, pero ben poden renunciar a iso. Eu nin sequera sei o que son e atopei marido o mesmo. Algo tarde —engadiu con aquela franqueza súa imperturbable, que eliminaba a gana de se burlar dela—, pero ao cabo atopeino. Así que correndo todo o día non se aprende nada. De «ler, escribir e facer contas» xa saben dabondo, que as raparigas non teñen por que chegar a doutoras. É moita hora de que deprendan a ter a casa arrombada, a coser, a pasar o ferro, a cociñar e a ser boas amas de casa.

Palabras de ouro ás que ninguén replicou nada. Como consecuencia, tamén abandonamos os longos camiños, brancos pola neve e pola poeira, e principiamos unha nova vida.

A esposa mercou dúas cadeiras de palla que colocou a ambos os lados da fiestra da cociña, entre a mesa pequena e o biombo da tía, e obrigounos a Titina e a min a sentar alí, unha en fronte da outra, cun cesto de vimbio no medio cheo de roupa branca que mendar.

Ás mañás tiñamos que varrer, limpar o po, facer as camas e corricar pola casa adiante cun mandil de tea; despois mandábanos ao cuarto a peitearnos e a vestirnos. E cando estabamos amañadas, cumpría sentar para traballar. Non obstante, á hora de preparar o xantar, unha semana cada unha, abandonabamos o traballo de darlle á agulla e aprendiamos a cociñar baixo a súa dirección, máis intelixente e enérxica ca a da tía.

Aínda que quixese, en conciencia non sería quen de dicir que nos facía mal ningún. Se tan só puxese algo de encanto cando ensinaba ou cando mandaba! Mais non estaba no seu carácter, nin no son da súa voz, nin nas súas

maneiras. Era de natural ríspeto, e a aquela aspereza chamáballe sinceridade. De feito, sincera era, e sempre dicía con franqueza o que pensaba. Non comprendía a amabilidade; para ela eran melindres.

Tras tantos anos vivindo canda un home e unha vella nós desavezarámonos. Non coñeciamos a disciplina nin tiñamos asentado o hábito do traballo. Aquel ano empezamos a sentirnos a contragusto coa nosa vida.

Pero o ano seguinte foi moito peor. Naceu un neno e, aínda que lle buscaron unha nutriz en Trecate, converteuse no rei da casa. A esposa rexeitou un vestido que o meu pai quería que escollese como regalo e propuxo que lle dese en troco aquela suma en cartos porque quería metela na caixa de aforros «para o seu herdeiro».

Pouco despois dixo que, como ía vella e xa non tiña vida social, as alfaias de pouco lle servían; era un pecado ter un capital morto en brincos e broches. Así que vendeu todas as xoias que lle regalaran e cos cartos mercou unha leira, preto dun terreo que xa posuía, «para o seu herdeiro».

Entre as múltiples maneiras de aforrar que argallou, acordou moer boa parte do millo que se apañaba nos agros do noso pai e consumir grandes cantidades de polenta na casa. Certo día chegou un carro ateigado de sacos de fariña que foron colocados parte no recibidor e parte na sala, a suntuosa estancia. «Total só ocupan unha esquina..., apenas se ven...», dixo. Pero pouco despois chegaron a colleita de patacas, a de castañas, a de mazás, a de arroz..., e todas aquelas provisións se amorearon na sala, que se converteu nunha especie de despensa. O meu pai decatouse de que xa non dispuñamos dun lugar para recibir.

Pero a esposa deseguida respondeu:

—Para recibir a quen? As miñas visitas? Porque as persoas que teñen que falar contigo van abaixo, ao teu despacho. Pois ben, as miñas visitas atopan aquí o diván

e as butacas que deben estar nunha sala. Os víveres son algo máis e dan idea de fartura, o que á xente sería non lle pode desgustar. Amais, as visitas son unha superfluidade, e como eu apenas as fago, acabarei por non recibir ningunha, mentres que a fariña, as patacas e a froita son unha necesidade para a familia.

Ela sempre tiña a última palabra. De feito, as visitas xa non viñeron máis. Os escasos parentes que rara vez aparecían eran recibidos no dormitorio do noso pai, convertido en cuarto nupcial, onde estaba a cheminea prendida. E a sala, onde unhas vellas sabas tapaban os mobles, foise cubrindo cunha capa de po e converteuse definitivamente en almacén. Parecía feita á mantenta para ese uso, porque, ao non ter nin estufa nin cheminea, era fría coma unha adega. As patacas axearon.

Entre tanto fixen os dezaseis anos. Medrara e desenvólverame en proporción. Os vestidos apertábanme no van e adoitaban abrirse nas costuras das mangas e das costas, e no peito saltábanme os botóns ou esgazaban os ollais, o cal era unha desesperación.

Aínda levaba o pelo levantado sobre a fronte, peiteado cara a atrás e recollido na caluga cun lazo, coma unha colexiala, e as saias chegábanme até os nocellos e deixábanme os pés ao aire, nada pequenos nin bonitos, calzados cuns lorchos solidamente feitos, en vista das extraordinarias camiñadas que, segundo o meu pai, eran unha necesidade vital.

Non ben o cativo da nosa madrastra fixo os seis meses, a súa ama de cría enfermou e tivemos que traelo para a casa e acabar de crialo con lactación artificial.

Cando collía en brazos o meniño, que me tocaba a min arrolar todo o día pola casa porque Titina non era forte dabondo para termar del, a madrastra miraba para min con compracencia e dicíame:



—Boa falla che facía un neno neses brazos! Non parece unha bonita esposa de Trecate ou de Oleggio co seu primeiro pícaro?

A min non me afagaban nada aquelas palabras, porque, en realidade, coa miña exuberancia e con aquela desgraciada vestimenta, parecía xusto unha labrega das vilas que ela mencionaba ou de calquera outra; e isto mortificábame. En certa ocasión atrevínme a dicirlle:

—Si, parezo unha labrega cos vestidos curtos e así peiteada. Tería que dividir un pouco o pelo sobre a fronte e baixalo, e alongar as saias para que me tapasen os pés...

Pero a madrastra exclamou:

—Madía leva! Pero a ti que che anda na cabeza? Con esa cara branca coma a lúa e eses ollos que parecen dous luceiros, xa miran de máis para ti, e faslle sombra á túa irmá, o cal é unha desgraza. Se te vestimos de moza casadeira, estámosche aviados! Daquela a outra non casará nunca!

De feito, Titina era coma unha tamanca ao meu lado. Miúda, loura, graciosa, cos ollos claros e sen cellas, semellaba unha figura de cera.

A idea de causarlle calquera dano á miña irmá coutoume a intención de reclamar que me vestisen de señorita. Mais cando me tocaba saír da casa e camiñar diante do meu pai e da miña madrastra co petís no colo e tan mal vestida, adoecía, e non sei como facía para non enmagrecer. E, para maior aldraxe, todos miraban para min, sorrían e garlaban entre eles.

Unha vez, ao volver á casa despois dunha daquelas desgraciadas camiñadas, Titina díxome, ollándome coa máis fonda estupefacción:

—Sabes que es moi guapa, Denza?

Eu repetín confusa:

—Guapa?

Aínda que debo confesar que me sentía ben menos estupefacta ca a miña irmá. En moitas ocasións apañara no aire algunhas palabras daqueles señores que me miraban na rúa: «Que moza máis feita...»; «Que cara linda...»; «Que ollos...»; «Fresca coma unha rosa...».

E sempre, xa na casa, ía comprobar diante do espello se dicían a verdade.

E a boa de Titina, abraiada coa idea de que aquela calidade tan pouco corrente e exclusiva, ao seu parecer, das mozas dos contos e dos poemas do noso pai, estivese na nosa modesta casa e baixo as miñas humildes pezas de roupa, volveu dicir:

—Pois si, Denza. Sentinlle dicir a un señor que parou para mirarte: «Que moza máis guapa! É unha beleza!».

Aquela conversa tiña lugar no noso cuarto. A madras-ta, que entón estaba na cociña, escoitouna, e, coa brusca sinceridade que a caracterizaba, abriu a porta, asomou a cabeza e dixo:

—Unha beleza, non, porque ten un aire demasiado cándido e babiolo, pero si que é guapa. Precisamente porque ela é guapa e ti non, amais de que es máis vella ca ela, non quero que ande emperiquitada, pois en oito días atoparía marido e eu tería que cargar contigo, o cal talvez te desgustaría máis a ti ca a min. Eu non vos ando con cumprimentos nin con arrodeos, senón que miro polos vosos intereses, mesmamente coma se fose a vosa nai, e un día ben que mo habedes agradecer. E agora, rápido para a cociña! E a ti que non che inche o papo esa beleza, que, se a tes, non ten mérito ningún e non te fará nin mellor nin máis afortunada nin máis amada ca outra calquera. Xa vedes: eu son fea e son vella, pero atopei o mellor home do mundo, e non vos hai moitas mulleres que sexan máis amadas ca min.

Aquel discurso, malia a aspereza que contiña, causoume unha doce ledicia, encheume a alma de suavidade, coma

se acadase un tesouro, e deume así mesmo un gran motivo de contento.

A advertencia de que non me inchase o papo a fermosura provocou precisamente o efecto contrario. Quentoume a cabeza e non pensaba noutra cousa ca no pracer de ser bela. Que iso non me volveise nin mellor nin máis afortunada nin máis amada, tanto me tiña. Era certo que espertaba admiración, e iso apracíame.

Acabara por adoptar certas maneiras desdeñosas cando andaba pola rúa tan mal vestida, coma se pregoase o que en realidade pensaba: «Velaquí estou: mesmo composta deste xeito, son guapa. Non necesito perifol ningún para parecelo».

Mais, indo e vindo días, aquela admiración pasadía por parte de persoas descoñecidas, enfastioume, ou cando menos xa non me emocionaba. Devecía porque Titina atopase marido para poder vestir coma as demais rapazas do meu tempo. Pronto faría os dezasete anos. Non podía pasar toda a vida cos pés por fóra da saia e peiteada de colexiala porque a miña irmá non estivese casada. Sobre todo dende que a madrasta dixera que, vestida doutra maneira, en oito días atoparía marido. E eu naquela casa tan fea, con aqueles costumes laboriosos e caseiros e aquel molesto cativo sempre ás costas, coa súa cara de fillo de vellos, degoiraba por casar.

Até daquela sempre durmira a sono solto as longas noites, e ía para a cama non ben me mandaban para o cuarto, decote sen nin sequera prender a luz, intercambiando poucas palabras con Titina mentres me espía, xa somnolenta. Quedaba durmida apenas rozaba as sabas, e durmía coma un cepo.

Logo daquela famosa conversa coa madrasta sobre a beleza, parecíame imposible deitarme ás escuras. Acendía a luz e soltaba os carrapichos diante do espello de vinte

centímetros cadrados, a única concesión á vaidade na moblaxe do noso dormitorio da que, até daquela, pouco partido tiráramos.

Titina non daba acougado con aquela novidade. Preguntábame seguido:

—Por que soltas o pelo? Se total para deitarte vas ter que trezalo outra vez...

Unha vez díxome rindo, coma se fose algo desatinado:

—É porque che dixeron que es guapa polo que te despeiteas diante do espello?

Arrubiei e respondinlle que era unha necia, que non me importaba nada ser guapa ou fea. Pero nunca antes dixera unha mentira: o noso pai educáranos no culto á verdade, e o meu corazón honesto sufriu con aquela primeira loiada. Sentía coma se tivese un pecado moi grave na conciencia. Martelábame na cabeza aquela frase da doutrina cristiá que afirma: «Non se pode dicir unha mentira nin sequera para salvar a humanidade».

Estudara o catecismo para me preparar para a primeira comunión, e, malia non extraer diso fervor relixioso ningún, aceptara aqueles dogmas tan bonitos e tan feitos, convencida de que, xa que estaban escritos e todos crían neles —non coñecía a ninguén que presumise de non crer neles—, debían de ser certos. E endexamais dubidara un instante; nin sequera pensara que se puidese dubidar.

E agora atopábame con que dixera unha mentira; acababa de cometer aquel enorme pecado que non se debía cometer nin sequera para salvar a humanidade, e sen nin sequera aquela grande atenuante, sen nin sequera ter unha soa persoa a quen salvar de nada.

Ceibaba tales suspiros mentres daba voltas na cama, que Titina se sobresaltaba cada vez que estaba a piques de adormecer. Ao cabo venceu a preguiceira somnolencia que a enmudecía e murmurou:

—Pero que é o que tes para xemer dese xeito?

Eu respondín traxicamente, ansiosa de quitar aquel peso da conciencia:

—Pois que dixeran unha mentira...

Esperaba que Titina me interrogase, que me animase a contarllo todo. Pero ela musitou case durmida:

—Ben..., pois xa te confesarás...

E volveuse cara á parede, adoptando unha postura cómoda para durmir en paz.

De feito, o da confesión era un resarcimento. Como non pensara que os pecados desaparecen coa absolución? Certo é que existía o purgatorio, pero aquel lugar tan arredado no tempo non espertaba en min demasiada preocupación.

Entón, ao caer na conta de que ben podía confesarme de todo xunto e ser absolvida en bloque, abandoneime á ledicia culpable de maxinar que era guapa e que, entre todos aqueles que mo dicían ao pasar e continuaban o seu camiño, habería un que non o faría, que daría a volta e que me seguiría dende lonxe até a casa, logo entraría no despacho do meu pai e pediría a miña man.

A madrasta dixera que, se fose ben vestida, isto sucedería en oito días. E eu calculaba que, como ía mal vestida, precisaría oito días máis, ou mesmo quince, ou mesmo un mes, se a cousa andaba nas mans do demo. Pero, en suma, aquilo tiña que acontecer, porque ben se notaba que era guapa a pesar da miña infortunada e grotesca indumentaria. Sabíao porque o sentía dicir a cada pouco.

Como sería aquel mozo?

Non podía imaxinar a súa cara. Mais conmovíame pensar nel e quería. Con certeza, así, anónimo, incorpóreo, indeterminado até na imaxinación, era o máis querido dos meus pensamentos.

Figurábame que me abrazaría forte, que faría nacer en min unha sensación de cálido afecto polo que eu eslumecía

e que tanta falta me facía, porque ninguén me abrazara nunca, nin sequera o meu pai, dende que era pequena. E borboriñárame: «Querida..., que guapa es!».

Non conseguía imaxinar cousas máis distantes: a voda, a viaxe, o vestiario, a miña propia casa... Non. Todo isto se me ocorría un momento, como a choutos, e a seguir esvaecía. A única escena que vía clara, e sobre a cal cismaba e cismaba, sen cansar nunca, era a dun mozo de pé que me estreitaba entre os brazos e que me bisbaba:

—Querida..., que guapa es!

Á mañá seguinte, mentres nos vestiamos, cadaquén na súa cama, Titina díxome:

—Que che pasaba onte á noite? Que era iso da mentira? Soñabas?

Eu respondín, recorrendo a todo o meu valor e coa convicción de estar a realizar unha acción meritoria:

—Non soñaba, non. Díxenche que non me importa ser guapa ou fea, pero non é certo... Impórtame moito, e conténtame ser guapa. Como ti sospeitabas, é xusto por iso polo que me despeiteo diante do espello. Xa está!

Pronunciei aquel «Xa está!» acompañado dun gran salouco, como para dicir: «Agora xa expíei a miña culpa». E quedei satisfeita comigo mesma, aliviada; no entanto, non me atrevía a mirar a Titina.

Ela ficou un bocado sorprendida. Aquela conversa, aquela confesión, saían da rutina dos nosos costumes. Fitoume un intre, desconcertada, dubitativa, e logo dixo, encollendo os ombreiros e cun sorriso forzado:

—Mira que montar esta escena agora... A ti fáltache unha cocedura!

E non volveu falar máis do asunto.

Certo día, as curmás Bonelli, que deixaran definitivamente o internado, se comportaban como señoritas e eran moi elegantes, convidáronnos a acompañalas ao teatro, onde representaban *Fausto*. A madrasta consentiu que fósemos «porque era de balde».

Puxemos un vestido de verán de la fina, estampado cunhas follas verdes sobre fondo branco e, afeitas como estabamos aos vestidos escuros do inverno, pareceunos que íamos moi elegantes con aquela miga de claridade.

Cando entramos no palco, atopamos as curmás vestidas de branco, de gala e toucadas con flores, e isto humillounos un pouco.

Trocabamos de asento en cada acto para gozar todas do pracer de estar un anaco asomadas á varanda do palco, dende onde podíamos ver e nos vían mellor.

Era un palco señorial, cun espello ensamblado no estuco branco, a xeito de friso, con molduras de ouro nos estípites. Cando nos tocou á miña curmá Maria e a min colocarnos diante, despois de Giuseppina e Titina, que estiveran as primeiras porque eran as maiores, contempleime reflectida no espello que quedaba ás costas de Maria, que estaba en fronte de min. Confeso que case non me recoñecín, pois aquel rostro branco, coas fazulas rosáceas e os ollos escintilantes por mor da excitación que me producían aquel divertimento e aquela novidade, pareceume tan fascinante que non era quen de arredar os ollos do espello. Cativábame máis ca o espectáculo, do que non entendía case nada, e sentíame atordada porque era a primeira vez que escoitaba unha ópera.

Maria, que adoitaba ir a miúdo, trataba de me explicar o argumento:

—Ese mozo tan feito de alí é o ancián do primeiro acto. E aqueloutro das pernas delgadas é o demo, que o remocicou a cambio de que lle vendese a súa alma. E agora

vas ver que bonito. Fausto, non ben se converte en mozo, namórase de Margarida.

Entón comezou a interesarme moitísimo a representación. Como faría o rapaz para namorarse? Oh, con que ansiedade agardaba aquel momento! Cando Fausto se inclinaba amorosamente cara a Margarida e lle trilaba palabras fermosas cunha doce voz, sentíame morrer de tenrura, coma se mas estivese cantando a min. Gustaríame saber que lle dicía. Mais cantaban, e a música ciscaba as palabras. Do drama non entendín gran cousa, pero na miña mente ficaron gravadas as escenas de amor.

Ao que tornamos á casa, andando ás présas porque ía un frío tremendo e en Novara non había coches de alugueiro para o camiño, Maria, que avanzaba collida do meu brazo, díxome:

—Sabes que fixeches unha conquista, guapa?

Eu preguntei cunha curiosidade e un relouco que nin sequera se me ocorreu agochar:

—Ai, si? Quen?

Cómpre reparar nesta expresión, «facer unha conquista», que eu nunca escoitara, pois non formaba parte do noso vocabulario doméstico. E, con todo, entendina por intuición, por coquetería instintiva, coma se a coñecese de vello. Maria aclaroume:

—Por favor! Acaso non te decataches?

Eu protestei co candor da miña ignorancia:

—De verdade que non. Gustoume tanto mirarme naquel grande espello situado ás túas costas, que non vin a ninguén.

Maria botouse a rir e dixo:

—Vaidosa! E confésalo así, abertamente? Non che dá vergoña ser tan presumida?

Pensei nisto un intre e logo repliquei moi sincera, por medo a volver dicir unha mentira:



—Pois non, non me dá. Dicides que son guapa. Sodes vós quen o dicides, e eu mírome. Pero a quen conquistei? Cóntamo.

—A Mazzucchetti, xa sabes, o fillo deses dous vellos terratenentes que viven preto de Santa Eufemia. É fillo único e moi rico. Miroute todo o serán cos seus prismáticos.

—Mágoa que non o vin! Como é? É guapo?

—Si... É..., é..., é un pouco gordo, pero mirándoo ben, ten unhas bonitas faccións. É un mozo gallardo. E ademais está a facer unha cura de adelgazamento. Os seus pais, malia seren uns avarentos, non escatiman cartos con el. O verán pasado mandárono a Monsummano, na Toscana, para que tomase uns baños de vapor e suase a graxa. Logo enviárono a Oropa, a non sei cantos metros sobre o nivel do mar, tamén para que adelgazase co frío e cun tratamento hidropático...

Eu estaba un pouco impresionada ante aquela gordura, e comentei:

—Pero entón debía de ser unha balea! E agora está delgado?

—Si..., si... Algo si... Pero tanto dá; gordo ou delgado é un bo partido. A súa nai achegou duascientas mil liras de dote. E o seu pai terá máis do dobre.

Estaba perplexa! Aquela rapaza sabía tantas cousas! As vilas ás que se ía aos baños, as provincias nas que estaban, os efectos das curas, o patrimonio da familia... Estaba ao cabo de todo. Como era posible que alguén reparase en min cando había mozas coma ela?

Chegamos xuntas ao portón da súa casa e as curmás despedíronse. Nós continuamos cara á casa co noso pai, e eu non volvín abrir a boca en todo o camiño.

O meu corazón desbordaba un intenso afecto por Maria. Sentía a necesidade de verbalizalo, e non ben quedei a soas no cuarto con Titina, díxenlle con énfase:

—Que guapa estaba Maria esta noite!

Titina contestou con indiferenza, mentres retiraba a colcha da cama:

—Estaba máis guapa Giuseppina.

En realidade, Giuseppina era máis agraciada. Pero ela non me falara de ningún mozo namorado de min. Non reparara na miña beleza se non para lamentar que os meus vestidos non me campaban. Amais, ela era máis guapa ca min, máis esvelta, máis alta, loura, refinada, posuía unha aparencia señorial e non me admiraba en absoluto. Non podía adoralala como á súa irmá, que se esquecía de si mesma para se ocupar de min e *que me atopara* un pretendente. Eu cría sinceramente que llo debía a ela, gardáballe unha viva gratitude e devecía por declararlla. De maneira que lle contestei á miña irmá:

—Eu prefiro a Maria. Maria sempre foi a miña predilecta. A miña amiga!

Titina abaneou a cabeza, sorriu con aire de persoa asiada e repetiu a frase que sempre me dicía:

—A ti fáltache unha cocedura! Dende cando Maria é a túa amiga? Se case non nos vemos...

—Non tal, agora que xa non está no internado vémonos máis a miúdo.

—Dirás máis ben rara vez. Secasí, non houbo tempo para esa grande amizade.

—A amizade non precisa moito tempo. É un sentimento de atracción...

Titina volveu rir e preguntou cunha miga de ironía:

—Onde liches iso?

Encollín os ombreiros e rosmei:

—Estúpida!

Non tiña mellores argumentos. Aquela noite a miña irmá estaba rabiosa, a coitada! Talvez se decatara de que no teatro non miraban para ela, e de que eu lle facía sombra

e atraía a atención sobre min... Tiña dezoito anos! Pero se cadra estaba celosa daquel súbito apaixonamento meu por Maria, cando, até daquela, a miña única amiga e confidente fora ela. Mirando para o teito, cun ton novo nela, díxome:

—Lin non sei onde que os amigos se coñecen na desgraza. Fuches desgraciada esta noite?

Eu berrei cunha arroutada espontánea de ledicia:

—Non! Fun feliz. Tan feliz! Os amigos coñécense na felicidade!

Aquelas palabras ofenderon a miña irmá, e eu lamentei ofendela. Talvez ela levase razón. Toda a súa vida pasada comigo, unha vida de bondade, de docilidade, de resignación, valía menos aos meus ollos ca unhas poucas palabras afagadoras dunha rapariga elegante e larapeteira. Pero entón non pensei que Titina levaba razón e deiteime en silencio.

Dende aquela noite vivín co maxín ben lonxe da miña casa e das miñas angueiras cotiás. E o feito de contar con algo novo no que pensar, e dunha natureza tan distinta ás ocorrencias que tivera até entón, aliviábame en gran medida o fastío da casa e a carga das faenas. Deitaba o cativo, vestíao cando acordaba, cociñaba..., pero por puro costume mecánico, sen me dar de conta, sen apartar a atención do doce consolo que me absorbía por completo.

O único que me urxía era ver aquel mozo, e, en consecuencia, volver ver a Maria, saír da casa con ela para que, cando batésemos con el, mo ensinase.

Cometín ousadías increíbles. Eu mesma lles suxerín ao meu pai e á nosa madrasta que lles debiamos unha visita ás Bonelli para lles agradecer o serán da ópera. A madrasta respondeu que xa teriamos tempo de facela. Entón comentei o moito que me gustaba a igrexa de Santa Eufemia e canto me prestaría ir escoitar misa alí o vindeiro domingo.

Tampouco desta vez funcionou. A madrasta abaneou a cabeza cun aceno de censura e dixo:

—Parece que te esforzas á mantenta en preservar devexos extravagantes, coma esas rapazas consentidas que están afeitadas a que os pais lles cumpran todos os caprichos. Ben sabes que non son inxusta contigo e que non permito que che falte nada, pero caprichos non aturo. Temos San Gaudenzio a dous pasos, e, en todo caso, San Marco e a catedral ben preto...

Previra non só a negativa, senón tamén aquela restra de consideracións que acompañaban sempre as respostas da madrasta, tanto afirmativas coma negativas. Pero Maria díxerame que os señores Mazzucchetti vivían en Santa Eufemia, e a esperanza de ver o meu namorado era tan intensa que me impeleu a facer aquel intento desesperado.

Na rúa esculcaba a todos os homes un pouco gordos e parecíame que sempre aborrecera os delgados. Así a todo, miraba os gordos novos e esveltos.

Ao cabo fomos facerlles a visita ás curmás. Eu sorría para os meus adentros mentres subía as escaleiras, pensando que, nada máis verme, Maria me falaría del. Estreiteille a man con forza, moi ruborizada e sen ousar mirala. Contaba coa súa habelencia para atopar a maneira de collerme nun aparte e conversar sen que ninguén máis nos oíse.

Pero parecía que ela non pensaba niso.

A madrasta encerrárase no despacho co señor Bonelli, e nós as catro, cinco contando o cativo, estabamos reunidas no van dunha fiestra do salón.

Falábase das mascaradas dos últimos días do Entroido e dun baile ao que asistiran Giuseppina e Maria. Maria describía o seu vestido daquela noite: branco, de crespón adornado con rosas pálidas, e co cós, que non era escotado, abotoado non no medio do peito, como era costume, senón nun lado.

Titina escoitaba coa maior das atencións e non paraba de pedir explicacións. Quería saber de que lado se aboataba aquel cóis: á dereita ou á esquerda? E os botóns, estaban só por un lado, daquela maneira tan orixinal, ou tamén polo outro, simetricamente?

Eu desacougábame; pasaba o tempo, e temía que, dun momento a outro, a madrasta chamaría por nós para marcharmos para a casa.

Como é que Maria non falaba do tema que me aflixía? Debía de ser por un exceso de prudencia. Eu gurraba tanto naquel asunto, que mesmo prefería que o mencionase diante da miña irmá e da súa, a que nin sequera aludise a el. Incluso desexaba que Titina estivese informada por fin «de todo». Non podía ignorar un feito tan importante na miña vida. E, por outra banda, tamén necesitaba poder falar do tema con alguén na casa, no paseo, no cuarto, de día, de noite, sempre... A Maria rara vez a vía.

Ocorréuseme preguntar quen estaba na festa, convencida de que Maria aproveitaría a ocasión para nomealo a el e dicirme algo, máis ou menos abertamente.

Respondeu Giuseppina, comezando unha extensa enumeración de señoras e de señoritas. Permitín que acabase e a seguir preguntei:

—E de homes, quen estaban?

—Homes..., espera. Tal, tal outro, os dous irmáns X, o capitán Z...

E continuou así un bocado. Cadora, Maria suxería un nome. Titina amosaba sinais evidentes de fastío, porque nós nin tan sequera coñeciamos un daqueles señores, nin en persoa nin polo nome. Porén, eu arreguizábame, palidecía e o corazón batíame con forza. Por fin, Giuseppina dixo:

—Estaba Mazzucchetti cos seus tres amigos...

Mirei fito a fito a Maria, con grande expectación. Pero ela permanecía absorta, lembrando os nomes dos asistentes

ao baile, e apuntou dous ou tres máis sen facer caso daquilo, coma se non o oíse.

No súmmum do mal humor, cambiei de brazo o cativo, que durmía no meu colo, e pedinlle que acabase con aquela ladaíña de nomes; que, ademais, nós non os coñecemos; que me resultaba incómodo estar falando co pícaro enriba; que non me podía liberar nin un minuto del; que estaba farta de lavallo, de vestilo, de darlle a papa e, o peor de todo, de levalo por aí de paseo, pois todo o mundo miraba para min e ría...

Maria dixo:

—Es coma a Margarida do *Fausto*.

E deu en recitar amodo, entoando:

*Tanto che da me sola fui costretta  
a tirarmela su, la bamboletta.  
La piccola culla  
stavami nella notte accanto al letto...  
Darle ber, collocarmela vicina  
dovea per acquetarla, o dal piumaccio  
balzar quando vagiva...  
E poi di gran mattina,  
correre al lavatoio, indi al mercato,  
E dal mercato al focolare...<sup>2</sup>*

A grande analoxía entre aqueles versos e a miña situación superou un momento a miña impaciencia e concentrou a miña atención. Non obstante, a Titina agradoulle moito aquela poesía, que semellaba feita para nós, e preguntou:

—Inventaches ti ese recitado?

---

<sup>2</sup>N. da T.: De maneira que me vin obrigada / a criar eu soa a pícara. / Pola noite, o pequeno berce / estaba a carón do meu leito. / Debía darlle de beber, colocala ao meu lado, / para acougala, ou da cama / saltar cando choraba... / E despois, ao amencer, / correr ao lavadoiro, ir ao mercado, / e do mercado ao fogar...

Maria riu e respondeu moi chea de si:

—Que dis! Cres que eu sei facer versos? Iso é o que lle di Margarida a Fausto. Fala da súa irmá pequena.

—Como? Aquela señorita vestida de branco, con aquela gran cola, traballaba tanto?

—A prima donna sempre vai así ataviada. Margarida en verdade é unha labrega...

E tornou a recitar:

*Serva non abbiamo; io cuoco,  
spazzo, cucio e lavoro di calzetta...*<sup>3</sup>

Titina aplaudía coa dita, escachaba coa risa e berraba:

—Oh, Deus! Coma nós! Escoita, Denza! Esa fermosa señora fai o mesmo ca nós!

Eu respondín fitando a Maria:

—Si, pero ela tiña a Fausto para contarlle as súas in-  
quedanzas, e nós non o temos.

Titina, escandalizada, fíxome un único reproche, de  
maneira moi severa:

—A ti fáltache unha cocedura! Esas cousas non se din!

Pola miña parte, eu estaba disposta a que Maria falase  
fose como for. Cun descaro que me asombrou a min mesma  
ao que o pensei, dixen:

—Ao mellor eu teño un Fausto pero non o coñezo.

Tocoume un novo reproche de Titina.

—Que tes un Fausto? Vas seguir dicindo parvadas? Ca-  
la a boca, fai o favor!

Pero agora xa estaba lanzada e respondín insolente,  
rindo:

—Cala ti, que non sabes. Dillo, Maria, viches máis ve-  
ces o meu Fausto gordo, o que miraba para min no teatro?

---

<sup>3</sup>N. da T.: Non temos criada; eu coso, / varro, cociño e calceto...

Maria ficou un momento indecisa, coma se non se lembrase, e aquilo causoume unha grande humillación; logo atacou a rir e dixo:

—Ah, si! É certo. Non cho dixen, Giuseppina. Denza conquistou o gordo do Mazzucchetti o serán do *Fausto*.

Aquel grande acontecemento, ao que tanta atención lle dedicara eu, que mudara o meu humor, a miña maneira de actuar, as miñas perspectivas de futuro, co que gastara os miolos, a Maria parecéralle tan insignificante que nin sequera llo contara á súa irmá.

Giuseppina, porén, tomouno en serio, como fixera Maria aquela noite, e dixo:

—Querida, se iso é verdade, anda cos ollos abertos porque é un partido que cómpre non desprezar. Se tes présa por casar para saíres da casa, bota contas de que ese mozo é rico e bo. Sempre acompaña a súa nai á misa...

Eu deixei escapar unha exclamación de pesar:

—Xa o sabía eu! Dixen que se iamos á misa a Santa Eufemia por fin o vería!

—Pero, como? Aínda non o viches?

—Non. Maria faloume del cando saímos do teatro...

Giuseppina adoptou un proceder caviloso e fungou:

—Que podemos facer para que o vexa? A ver...

A seguir, interrompeu as súas reflexións e observou:

—Claro que, vestida dese xeito, non sei sequera se che convén atraer a súa atención. Se puideses conseguir que che fixesen un vestido algo máis longo... E un pouco menos cinguido de aquí, para que non pareza que tes tan pouco peito...

—Oh, tanto ten o vestido; non importa. Dime, pensa: que podemos facer para que eu coñeza ese mozo?

Maria, que era algo atolascada e á que non lle prestaba andar con dirindainas, propuxo presentarmo na casa do seu profesor de piano, que tamén lle daba leccións a el, e



invitarnos a nós naquela circunstancia. Mais Giuseppina berrou:

—Déixate de lerias! Dende cando o noso pai nos permite as presentacións e as recepcións?

Aínda lle demos voltas ao asunto e, ao cabo, decidimos que as curmás virían buscarnos o vindeiro domingo para ir de paseo pola alameda á hora da música. E como eu sacudía a cabeza, desalentada, prevendo que a madrastra diría que non por cousa do pícaro, Maria acordou o seguinte:

—Se di que non polo cativo, Titina, que nunca se ocupa del, ofrecerase a quedar na casa para coidalo. Non si, Titina? Por unha vez... Ti non tes que ver a ninguén, e podes facer un sacrificio pola túa irmá. Cando ela case, tamén ti estarás mellor. Irá buscarte acotío, divertiraste...

Dedicamos aínda outra media hora máis a argallar aquel plan.

Despois, na casa, decorrerón varios días de excitación, de divagacións sobre o mesmo asunto. Titina, tras se escandalizar coa idea do Fausto, tamén rematara tomándoo a peito, e, entre nós, non se falaba dun posible, senón dun probable desenlace da nosa situación.

Quen nos escoitase, suporía que estabamos en auténticas negociacións matrimoniais e que as dúas buscabamos marido. Unha vez libre eu, tamén a miña irmá debería liberarse do asoballamento da madrastra, do aburrimiento do pícaro e de todo o resto. Nun arranque de xenerosidade, coma se a cousa dependese só dela, dixo:

—Sabes? A min non me importa que cases primeiro ti, aínda que sexas a máis nova. Casa, casa... Non será por min que teñas que desaproveitar ese partido...

Eu falaba con máis boa gana del:

—Quen sabe se me viu por primeira vez aquela noite no teatro ou se xa me observara antes!

E para min mesma, sen atreverme a dicirlllo á miña irmá, pensaba que talvez estivese namorado de min. Pola miña parte, eu xa me sentía namorada del, malia ser un descoñecido. Amaba o namoro e o feito de ter un pretendente, o cal me concedía importancia aos meus propios ollos. Así que podía ser desexada e desposada, coma as señoritas elegantes educadas no internado.

Sentírame tan escarnecida pola miña grotesca maneira de vestir e polos nosos insólitos costumes, que aquel amor me consolaba e me satisfacía coma se dunha rehabilitación se tratase.

As curmás viñeron mediada a semana para facernos o famoso convite para o paseo do domingo, e a madrasta non puxo as obxeccións que esperabamos; dixo que, por aquelas poucas horas, ben podía ocuparse ela do cativo, «que nos divertísemos, que a xuventude o precisa, que ela ben o entendía e o consentía sempre que se puidese facer sen que constituíse un gasto para a familia...».

Nós aceptamos o permiso e mais as reflexións con indiferenza, mais, ao que marcharon as curmás, precipitámonos ao cuarto para poder expresar as exclamacións de alborozo que gardabamos no peito. Abrazámonos rindo e murmurando:

—Que marabilla! As dúas! Que marabilla!

—Tamén o verás ti! —engadín eu.

E consideraba que era todo un privilexio para Titina e que era eu quen llo ía proporcionar.

Pero, tras abrazarnos e bicarnos, ficamos algo confusas, porque aquelas demostracións de afecto non se contaban entre os nosos costumes. Só nos bicabamos nas dúas fazulas nas despedidas e nos retornos, cando acontecía que unha de nós saía de Novara sen a outra. Segundo os nosos recordos, isto sucedera dúas ou tres veces para ir visitar unha irmá do noso pai, casada en Borgomanero.

Ficamos chafadas tras aquela escena que montamos e non nos atreviamos a mirarnos. E eu, para que a esquecésemos, dei en abrir o armario dos vestidos e púxenme a miralos con grande atención, coma se houbera moito onde escoller.

Volvemos criticar o estado do meu atavío e lamentamos de novo a mesquindade do meu gardarroupa. E durante o resto da semana seguimos sa falar diso, facendo labores en segredo para alongar, estirar, amidonar e tinguir, para, en definitiva, imprimirlle, co engadido de colos e puños, certa elegancia.

Ocorréuseme incluso desfacerlle á saia unha das tres bastas que tiña coa intención de alongala. Pero cando ao saír atravesei o patio asollado, todos se botaron a rir, porque a través da desgastada tea me transparentaban as pernas e por debaixo levaba unhas enaguas moi curtas. O resultado foi que tivemos que atrasar media hora o paseo para amañar aquel estrago, sen contar as chacotas que me tocou aturar por me comportar así coas curmás e co señor Bonelli.

Finalmente saímos en parellas: Maria e mais eu diante, as nosas dúas irmás maiores detrás e os nosos dous pais detrás delas.

As curmás ían de gala, cunha capa de pano, o manguito, o colo de pel, o veo do sombreiro moi teso sobre o rostro até a punta do nariz e un agradable perfume de violetas que me intimidaba.

Eu camiñaba impaciente, cos pés por fóra da saia, e os pulsos encarnados polo frío, visibles por tras das mangas e das luvas, sen capa de ningunha clase, sen manguito, man sobre man. Durante un bocado non me atrevín a falar, e pensaba que Maria talvez se avergoñaba de que a visen de paseo comigo, porque non me dicía nada e tiña un xesto altivo que nunca lle vira.

Canto máis calaba, máis aldraxada me sentía, e entendía que adquiriría unha aparencia cada vez máis boubeixa, coa cara enfurruñada e encarnada, camiñando muda a carón daquela elegante señorita que semellaba a miña patroa.

Cando estabamos a piques de chegar á alameda, armeime de valor e pregunteille a Maria unha cousa que me axitaba dende había un tempo, arrimando a miña cabeza á dela para lle facer notar que eramos amigas.

—Por que o domingo Giuseppina dixo que naquel baile estaba Mazzucchetti cos seus tres amigos? Quen son?

—Ah, si! Son De Rossi e Rigamonti. Sempre andan xuntos. Son «Os tres mosqueteiros».

Eu non tiña nin a máis remota idea de a que se refería con aquilo de «Os tres mosqueteiros», e, sen avergoñarme, dixen, demostrando o meu estupor:

—E iso que é?

Maria rogoume silencio e a seguir respondeume, coas mans no manguito e en voz moi baixa, como fan as persoas finas na rúa, sen mirar para min, porque tería que erguer a cabeza xa que ela era máis baixa:

—Baixa a voz! «Os tres mosqueteiros» son os personaxes dunha novela. Eses mozos escolleron eses nomes e fanse chamar así de maneira amigable entre eles.

O meu sentido común, engrandecido por todo aquilo que a madrasta me inculcara dende dous anos atrás, rebelouse ante aquela idea. No punto máximo da miña estupefacción exclamei, esquecendo falar en voz baixa:

—Meu Deus, pero por que?

Aquela arroutada provocou unha dobre reprimenda, a de Maria e a da súa irmá, que tamén ela, dende detrás, ordenou: «Chist!». E Maria contestou:

—Fala baixo! Non sei por que. Talvez leron a novela e gustaron deses personaxes. Tamén está Crosio, o que é

oficial de cabalaría e está aquí de permiso, que polo que parece fai de D'Artagnan.

—De quen?

—De D'Artagnan, outro mosqueteiro.

—Entón son catro?

—Si, pero dise «Os tres».

Explicaba isto moi tranquila e gardando a compostura, sen apenas mover os beizos, sen o menor asombro, coma se falase da cousa máis natural do mundo. Aquela rapaza tiña o don de sabelo todo e de non se marabillar de nada. En canto a min, estaba tan copada que renunciarei a entendelo. Só estaba un pouco inquada por el. Como faríamos para entendérmonos? Preguntei con timidez:

—E el que nome escolleu?

—Porthos, porque é gordo...

Xa tiña os ollos regalados e estaba a piques de soltar unha exclamación para preguntar se Porthos quería dicir gordo, cando, por sorte, Maria dixo:

—Chist! Cala. Está alí, pero non mires; disimula.

Como non ía mirar! Se saíra para velo! Volvín a cabeza a torto e a dereito, preguntando:

—Onde? Onde?

—Dígocho agora. Pero non mires aínda, fai coma quen que non te decatás. Está dese lado, a carón do quiosco da música, detrás das señoras Savi, as do chapeu granate. Non mires aínda. Saudaranos porque tamén está o profesor de piano, xa verás.

Dende atrás Giuseppina bisbou:

—Denza, están aí.

Sempre falabamos en plural. Eu puxérame colorada coma a gra e sentíame moi confusa, pero eslumecía por velo. Preguntei:

—Están todos?

—Si, está atenta; hannos saudar agora.

Distinguín un movemento, sentín como un arrastrar de pés. Maria inclinou a cabeza dunha forma case imperceptible, sen mirar a ninguén e moi seria. Eu fixeime ben, vin uns sombreiros que se movían e un grupo de homes entre os que salientaba, embutido nun longo gabán gris, unha especie de elefante. Encolléuseme o corazón e preguntei desconcertada:

—Cal deles é?

—O máis gordo, pero disimula.

Estaba conturbada. Aquela mole superaba a miña imaxinación. Si, dixéranme que estaba gordo, xa o sabía; pero sempre tratara de atenuar ese detalle, de conciliar a gordura coa xuventude, coa esvelteza... No canto disto era un mangallón, cos ombreiros poderosos, alto e cadrado, o peito prominente, o pescozo curto e unha cabeza enorme cos cabelos moi negros e moi lisos, e os ollos negros, grandes, reboutados. Pareceume un vello. Non ben sentamos as catro nun banco situado ao outro lado do quiosco da música, cos nosos respectivos pais de pé, detrás, Maria sacou do manguito un fermoso pano que recendía a violetas e, colocándoo nos beizos, como para se protexer do frío, faloume sen reviravoltas, coma se estivésemos na casa:

—Non digas parvadas. Pareceche vello? Ten vinte e un anos e non é nada feo. Mira, agora podes mirar sen pexas. Ves? De perfil é guapo. Trata de mirar en volta; búscanos. Causácheslle boa impresión...

Fiteino con detemento. Era certo que tiña un fermoso perfil de camafeo, e cando finalmente descubriu onde estabamos e pousou un minuto aqueles enormes ollos nos meus, pensei que desprendían unha gran dozura.

Titina, que o miraba dende o punto de vista do matrimonio, trataba de animarme, e dicía, asomando a cabeza por diante de Giuseppina para que eu a escoitase:

—É guapo. Semella un gran señor.

En verdade, fose porque aquel gabán longo e claro facía que destacase no medio dos demais, fose porque lles sacaba unha cabeza aos seus amigos, tiña un aspecto nobre que o facía aparentar superior a eles. Todos lle falaban e el respondía impertérrito, sen facer aceno ningún. Os seus movementos eran moi pausados.

Puiden observalo a pracer, porque el só mirou para min un intre aquela primeira vez; despois volveuno facer ao que pasamos por diante deles, mentres eu tiña os ollos fitos nos seus; e aínda houbo unha terceira ocasión na que me mirou de esguello, ao volver, cando nos cruzamos baixo os soportais.

A dicir verdade, figuróuseme algo frío, e sentínme agraviada e descontenta.

Maria aclaroume que aquela aparente frialdade era unha mostra de tacto pola súa parte; que non quería comprometerme mirándome demasiado; e que, ademais, ela sabería polo profesor de piano se lle gustara e o que dixerá de min.

Pola mañá deu en chover e non parou durante varios días seguidos. Sentadas a carón da fiestra da cociña, mentres traballabamos, a miña irmá e mais eu falabamos decontino acerca del, do seu amor, do matrimonio; discutíamos se iríamos vivir co seu pai e coa súa nai ou se teríamos casa de noso. Eu inclinábame pola casa propia.

Mais a idea de que me mirara pouco perseguíame. Despois de todo o que me dixerá Maria o serán do teatro, imaxinárao tan namorado coma Fausto e, a poder de pensar nel, chegara a figurarme que o seu corazón e a súa mente estaban completamente ocupados pola miña persoa, que devecía por volverme ver tanto como eu a el, e que cando

me tivese diante, todo o seu rostro expresaría unha éxtase de ledicia, a satisfacción de ver cumprido un desexo longamente acariñado. E no canto diso ficara impasible. Malia o que me dicían, aquilo da prudencia para non me comprometer, eu sentira que ficara indiferente. Ao segundo encontro, si, a súa mirada centrárase en min con compracencia, coma un aloumiño. E iso supuña un alivio, porque a idea de que todo aquel amor fose un soño me aflixía profundamente, até o punto de que esquecía a súa gordura e aquela primeira impresión desagradable que sentira.

Canto máis pensaba nel, na nosa aburrida soidade, na monotonía dos días chuviosos, máis tenrura sentía.

Unha vez, mentres abarrelaba o cativo, que non paraba de choricar porque lle estaban a saír os dentes, absorta nos meus pensamentos, fantasiando con que estaba con el e xa era a súa muller, sorprendinme musitando:

—Coitado, que gordo estás!

A madrasta, que estaba cociñando, virouse e dixo:

—Meu meniño... En realidade non está tan gordo. Non ves que adoece coa dor dos dentes?

Coidaba que falaba do seu fillo. E de feito dirixíame a el para desafogar, pero referíame ao outro. E sentía unha gran tenrura compadecéndoo por aquela súa gordura, e por ter algo que lle perdoar e ofrecerlle dese xeito unha proba do meu amor.

Estampeí un sonoro e rabioso bico na fazula do pícaro, que comezou a chiar, e imaxinei que o bicaba a el. Aperteíno e acariñeíno cunha tola paixón, tanto que a madrasta me berrou que o estaba a afogar e ripoumo das mans.

Entón corrín ao meu cuarto, tombeime coa cabeza sobre a almofada da cama e chorei ás cuncas. Aquel día rematei de namorarme. A partir dese momento, a súa gordura, o seu pescozo curto, os seus cabelos lustrosos e lisos, todo me pareceu encantador, e sentía unha enorme



benquerenza ao que o vía nos meus pensamentos, o cal acontecía seguido.

Unha noite, co petís xa deitado, cando no seu dormitorio o meu pai e a madrasta tomaban unha infusión ao pé do lume, como facían acotío antes de se deitaren, e nós estabamos detrás do biombo dándolle as boas noites á tía, soou o timbre. Pouco despois sentimos os pasos do noso pai afastándose para abrir e unhas voces alegres e graciosas:

—Oh, doutor, como poder ser que un home coma vostede estea durmindo destas horas? Que vergonza!

Era a voz de Maria. Eran as curmás. O tedio da choiva incesante empuxáraas a vir esa noite onda nós. Eu alterei-me moito e arrubiei. Seguro que o profesor de piano lles dera unha resposta e viñan contarma.

Corrín ao cuarto do meu pai cos ollos brillantes e chisqueilles o ollo ás curmás para saudalas, con aire de complicidade, como queréndolles dicir: «Xa entendo para que viñestes; falaremos agora».

E elas chiscáronme á súa vez con graza, sorríronme e estreitáronme a man con enerxía, pousando o brazo nas miñas costas.

Agardei que a conversa estivese algo encarreirada entre os vellos, e logo dixen, para esgrimir unha escusa e levalas a un aparte:

—Vistes o reberete da saia que estamos a bordar?

—Claro! Vímolo moitas veces, non te lembrás?

A estúpida de Giuseppina dixo isto coma se non entendese o motivo da proposta.

Agardei outro pedazo, e máis tarde, ao ver que non había maneira de falar entre nós en voz baixa, de novo optei por suxerir:

—Queredes ver o cativo durmindo?

As tres rapazas repetiron como un triplo eco:

—O cativo durmindo?

E as tres miraron para min perplexas. Como non estaba entre os nosos costumes amosar a menor admiración por aquel pícaro, ao que entre nós lle chamabamos sempre «o velliño», non sabían que pensar. Pero eu insistín:

—Como a ti che gustan tanto os nenos, Maria...

Erguinme e camiñei con decisión cara ao berce; as curmás e Titina seguíronme. Cando chegamos onda el, só para que me oíse a madrastra, exclamei de socato que era un neno precioso e que tiña uns braciños repoludos, e a seguir bisbeille a Maria:

—Que? Que dixo?

—Quen?

Esta vez impacienteime e rosmei irritada:

—Meu Deus! Seica xa non te acordas? En que andas pensando? El, Fausto, que lle dixo ao profesor?

—Ah, si! Aínda non llo preguntamos.

Entroume tal rabia que me entraron ganas de a golpear, e a dicir verdade creo que o fixen, porque batín por un lado e polo outro para esquivalas e tornei ao pé do lume sen dar palabra. Elas seguíronme e sentaron confusas. Despois, cando se despediu, Maria musitou tendéndome a man:

—Na primeira clase preguntareillo. Non sabía se che gustaba de verdade.

Pero xa perdera a confianza naquela promesa; desenganárame. Sentíame sen apoio ningún para alcanzar o obxectivo anhelado. Vía como fuxía e desexábao con toda a ansia coa que se desexa unha pertenza que escapa.

No entanto, aqueles sufrimentos non me resultaban tan molestos coma os que tanto deploraba: a madrastra, a casa, o cativo... Parecíanme agradables e encantábame sufrir así. Cando Titina, ao me ver preocupada e triste, e decote a piques de romper a chorar, me dicía: «Rógalle á Virxe que che axude a esquecelo», eu anoxábame, asustábame coa

idea de esquecer aquel amor, de non volvelo atopar máis na miña mente, no meu corazón, de perder aquela dozura que me enchía por completo, quedar con aquel enorme baleiro e aquel gran silencio. E berraba: «Non, non, por caridade! Que queres que faga cando o esqueza?».

Unha noite, a noite dun sábado, o pícaro púxose bastante mal pola famosa historia dos dentes. Tivemos que erguer-nos todos, preparar infusións e cataplasmas e velalo toda a noite.

Á mañá seguinte aínda estaba enfermo; tiña febre e quería estar no colo da súa nai todo o tempo.

A tía non saíra en todo o inverno porque tiña reuma nunha perna e non podía estar de pé.

O noso pai tivo que ir correndo ao médico, e logo ás présas ao boticario, e tamén á igrexa prenderlle unhas candeas á Virxe para que o neno sandase. Non había ninguén que nos puidese acompañar á misa. E por moito que ese feito desgustase a madrastra e o noso pai, que non perdían ocasión de manifestaren a súa desaprobación por «ese costume de confiarlle as rapazas a unha criada, máis ou menos da súa mesma idade e menos educada ca elas...», daquela vez tiveron que resignarse e mandarnos á misa coa criada.

Aínda non acabaran de dicilo e eu xa tiña o meu plan disposto. Confeso tamén que, xa durante a noite, entre os choros do pequeno e a inqueda da familia, aguilloada por aquela cisma que me dominaba, cavilara: «Mañá seguro que non poderán acompañarnos á misa. Se nos mandasen coa criada...».

Malia que non me alegraba que o pobre do «velliño» estivese doente, si me consolaba o feito de que, xa que aquilo tiña que pasar, acontecese xusto a noite dun sábado.

Na casa non dei chío para evitar as discusións, pero non ben estivemos na rúa, díxenlle a Titina:

—Vaiamos á misa a Santa Eufemia!

Ela non puxo empezo ningún. Concordamos en dicirlle á criada que non llo contase a ninguén e apuramos, porque aquela igrexa estaba bastante lonxe.

Cando entramos, a misa xa estaba empezada. O crego lía a epístola. Ao abrir a porta, choquei coa colosal figura do meu Fausto, que estaba de pé, xusto a carón da porta, como fan os mozos, talvez para demostrar que están alí a contragusto e impacientes por marchar.

Viunos entrar, non nos quitou ollo mentres buscábamos un sitio e, cando o atopamos, bastante preto del para podelo contemplar ao doután, virouse cara a nós, desatendendo o altar. Eu fixen o mesmo. Fiteino intensamente, tolamente, durante toda a misa.

Narreille, co ardor dos meus ollos fitos nos seus, o meu enorme amor, os meus sufrimentos, o relouco daquel momento, as doces esperanzas no porvir, as miñas dores e a miña plena confianza nel. Sentía como lle dicía todo isto e tiña a certeza de ser comprendida.

Ah, si que foi un fermoso día! Del conservei un fondo de alivio e de ledicia para o resto da enfermidade do pícaro e da estación chuviosa. Falaba das máis vulgares trapalladas da casa coa voz trememente e xubilosa; dirixíalle un sorriso alfúfaro ao cativo cando choricaba, aos cueiros que tendía, ás potas da cociña, e levaba a cabeza alta de xeito glorioso.

Por fin estaba segura de ser amada, e el sabía que era correspondido. Puxerámonos de acordo entre nós. Era unha mera cuestión de tempo.

Logo daquela misa, cada vez que atopaba a Mazzucchetti na rúa, alén de arrubiar e sentir como me batía con forza o corazón, sorría un pouco ás agachadas e mirábao en fite con complicidade. Des que nos amabamos, tiña dereito a facelo. E el mirábame con insistencia, e se ía diante viraba cadora a cabeza cara a atrás. E eu contaba cantas veces se volvía. Se era pola tarde e só estaba o meu pai connosco, era eu a que me volvía para miralo, cando logo de tropezar, camiñabamos cadaquén para un lado. E ás veces sorprendíao parado e mirando cara a atrás para min. Un día que nos cruzamos –eu levaba o cativo no colo e a madrasta camiñaba detrás–, parei para lle dicir que o neno tiña as mans quentes e que se cadra estaba enfermo, só para poder virarme un bocado e contemplar o meu namorado.

O pícaro estaba fresco e de marabilla, e tiven que aturar unha sarta de comentarios sobre as miñas distraccións dos que non entendín nin palabra.

Estes eran os episodios do meu amor, sobre os cales falaba por extenso coa miña irmá e coas curmás, nos que eu cismaba día e noite sen cansar nunca e que abondaban para alimentar a miña esperanza e tamén para reforzar a miña fe.

De cando en cando acontecía algún sucedido máis importante que nos entretaña moito tempo.

O primeiro foi que Maria deu coa maneira de preguntarlle ao profesor de piano, nunha conversa informal, se me vira aquel día na alameda con ela. O profesor vírame, en efecto, e engadiu que era «unha fermosa rapariga». Entón Maria continuara coa charla:

—Creo que estaba Mazzucchetti con vostede, non si, mestre?

—Estaba, si, e De Rossi, e Rigamonti, e Crosio, o habitual grupo dos mosqueteiros.

—E que dixeron da miña curmá?

—Os outros non sei, porque eu ía detrás con Porthos, Mazzucchetti...

—E el non dixo nada? Pareceume que a miraba...

—Dixo, dixo. Comentou que era guapa. É o tipo de moza que lle gusta a el.

—Ai, si? E logo?

—Porque el é un pouco salvaxe, non lle gustan os cumprimentos e intimídano as señoritas elegantes.

Disto concluímos que, dende o primeiro día, lle gustara até pensar no matrimonio, porque, se fose só para mirarme, tanto lle tería que eu fose elegante ou non.

Logo pasaron estoutros sucedidos:

Un día que estaba cas das Bonelli asomada ao balcón, Mazzucchetti virouse tres veces para mirar cara a arriba ao atravesar a rúa e parou varios minutos antes de torcer a esquina. Titina pretendía ademais que fixera un aceno de saúdo coa cabeza, pero as curmás non o admitiron porque «ás señoras hai que saudalas quitando o sombreiro e non cun aceno».

Unha tardiña contra finais do verán, cando saía da casa co meu pai, atopámolo parado diante da nosa porta a el só. Isto constituíu un importante acontecemento, e mantívome ocupada e feliz todo o mes que pasei en Borgomanero coa irmá do meu pai, porque a madrasta consideraba que dende había un tempo non tiña o meu aire cándido e babilo de sempre, e, xa que logo, precisaba aire puro.

En Borgomanero, ao non contar nin con Titina nin coas curmás para falar do meu namoro, acabei por confesarme coa filla da miña tía; para máis, ela estaba prometida co fillo do boticario da vila, que facía as prácticas nunha farmacia de Novara e lle escribía unha vez por semana.

Ela, que non agochaba en absoluto o seu amor diante da xente da vila, contoulle axiña á súa nai o meu, e aquela noite, durante a cea, a tía díxolle ao seu home:

—Remigio, sabes que a nosa Denza nos deu unha boa nova? Está prometida cun mozo moi rico e de boa familia de Novara.

Dei en suar e en sentir un terrible atafego. A cousa chegara bastante máis lonxe do que previra. Averduguei ante a idea de que felicitasen o meu pai cando viñese buscarme e aínda que alí, no momento, aceptase os parabéns dos meus tíos e demostrase a miña alegría por casar, pasei unha noite doente co medo a atoparme nun apuro se o comentaban coa miña familia.

Pola mañá rogueille á miña curmá que avisase a nai de que calase a boca diante do meu pai, porque nin el nin a madrastra sabían nada. Ela sorprendeuse:

—Como? Estás prometida e os teus pais non o saben?

Necesitaba buscar algunha escusa fose como for, e durante a noite preparara a resposta:

—É que non estou exactamente prometida, sabes? Non dixen iso. Case seguro que casarei con el porque nos queremos, pero a cousa argallárona as miñas curmás, as Bonelli.

—Elas coñéceno moito?

—Toman leccións co mesmo profesor.

—E el díxolles ás túas curmás que quere casar contigo?

—Díxolle ao profesor que...

Naquela conversa había un feixe de mentiras, pero non eran expresas e a miña conciencia tolerábaas. E ademais non se trataba de salvar a humanidade senón a min e o meu amor, que me importaba máis ca todo o mundo. E tiña intención de confesarme.

Así a todo, aquela promesa formal e declarada entre a miña curmá e o seu noivo, as súas cartas periódicas, que acababan sempre con: «Confía no inquebrantable amor do teu Antonio», proporcionáranme novas aspiracións.

Tornei a Novara co intenso desexo dunha carta ou dunha promesa.

Titina dicía que se Mazzucchetti pedise a miña man en firme ou se me desposase, sería moito mellor. Mais eu quería antes as cartas. Compuña unha na miña cabeza e líaa. Non era serena e afectuosa coma as de Antonio á miña curmá. Era ardente, como debe ser unha primeira declaración. Ás veces, nos meus pensamentos, puña unhas expresións tan apaixonadas que se me enchían os ollos de bágoas.

Ao cabo coñecino e falei con el. Velaquí a crónica daquel memorable día. Foi o primeiro domingo de outubro, a festividade da Virxe do Rosario. No alfoz de San Martino, despois das vésperas, facíase a procesión sacando a Virxe vestida de ouro coa súa coroa de perlas.

As curmás Bonelli tiñan unha casa terreña precisamente nese barrio, pero dende alí non se vía a procesión. Porén, ao final de San Martino posuían tamén unha casa patrucial cun balcón que daba á rúa, así que nos convidaron aquela tarde de outono porque a procesión pasaba xusto por baixo da casa.

Para nós aquilo significaba a ocasión de parrafear con liberdade do meu amor, porque nun alfoz non existía a probabilidade de atopar a Mazzucchetti nin os demais. Os señoritos nunca cruzaban as portas da cidade. Aquel día o meu pai debía acompañar a madrasta cas uns vellos parentes dos que seica ela esperaba unha herdanza, de xeito que nos deu permiso para acompañar as curmás e o señor Bonelli.

Estabamos as catro rapazas no balcón, mirando a riada de labregos vestidos de festa e a cruz que precedía a procesión polo fondo da rúa, cando polo lado contrario, case polo campo, vimos aparecer a Mazzucchetti cos seus



tres amigos e o profesor de piano. Como nós estabamos ao final do arrabalde, axiña chegaron debaixo do balcón e a piques estiveron de pasar sen vernos. Pero Maria berrou:

—Profesor! Profesor!

E cando o mestre levantou a cabeza, volveu berrar:

—Suba!

Que momento aquel! Aínda non me recuperara do susto de atopalo naquel lugar inesperado, do temor de que pasase sen verme, e alí estaba, parado debaixo do balcón, cos seus enormes ollos fitos en min, na compañía dun que falaba coa miña curmá. Case era coma se falásemos. Tanto, que el e mais os seus amigos quitaron o sombreiro e nós inclinamos a cabeza.

Mais iso non foi todo. As curmás, tan comedidas na cidade, estaban moi excitadas por atopar xente da súa caste no campo. Maria non paraba de lle dicir ao profesor:

—Suba, suba. Ve? A procesión case está aquí.

O profesor sinalou o grupo e comentou encollendo os ombreiros:

—Estou acompañado...

Entón, aquela asombrosa rapaza berrou:

—Suban todos —e despois, dirixíndose a aqueles señores aos que apenas coñecía de velos nalgún baile, díxolles—: Por favor. *À la guerre comme à la guerre!*<sup>4</sup>

Tamén falaba francés. Os catro sombreiros volveron alzarse bastante sobre cadansúa cabeza e a seguir todos desapareceron pola porta debaixo de nós; un minuto máis tarde o balcón de madeira estremecía-se cos pasos de Mazzucchetti, que, coma un mozo ben educado, pasou ao meu lado sen deterse e foi saudar as señoritas da casa.

Giuseppina, que era a máis discreta, non perdeu a cabeza por moito que estivese no campo, e dixo, despois de dispensarlles a todos uns fortes apreixos de mans:

---

<sup>4</sup>N. da T.: En francés no orixinal.

—Pero onde está papá? Profesor, acompañeme a buscar a papá.

Maria, entre tanto, virárase cara a nós e dixo sinalando aqueles señores:

—O señor De Rossi, o señor Rigamonti, o señor Crosio e o señor Mazzucchetti.

Logo sinalounos a Titina e a min cun agradable e elegante xesto e engadiu:

—As señoritas Dellara.

Eu nunca vira facer presentacións e non tiña nin idea de como se facían. Con certeza, Maria estaba destinada a deixarme sempre coa boca aberta. Tanto é así que crin que era unha ocorrencia súa que nos coñecésemos daquel xeito para que rompésemos o xeo e falásemos. Pareceu-me unha fermosa invención e admirei a través da miña pequena curmá a ocorrencia daquel descoñecido e remoto inventor.

Os señores inclináronse e, mentres non chegaba o señor Bonelli, ofrecéronnos as mans e falaron en voz alta até que Maria berrou que calásemos porque chegaba a procesión. De feito, xa estaba alí abaixo; entón todos nos asomamos e Mazzucchetti colocouse ao meu carón; o corazón batíame tan forte que crin que me ía romper o peito. Sentíame prometida formalmente, orgullosa e feliz.

Pasado un tempo, en metade dun *Tantum ergo*<sup>5</sup> desentoadado polos campesiños na procesión que tapaba as nosas voces, díxome cun gran misterio:

—Divírtese? —e miroume aos ollos como dicindo: «Responda a verdade. É cuestión de vida ou morte».

Eu soltei un «Si» agudo, alto, ledo, coma se me preguntase: «Quere tomar por lexítimo consorte a...?».

---

<sup>5</sup>N. da T.: Últimas dúas estrofas do himno eucarístico *Pange lingua*, escrito por Tomé de Aquino, que adoita cantarse durante a adoración do Santísimo Sacramento.

Produciuse unha pausa longa e incómoda durante a cal intuín que el preparaba o seu discurso. Despois, aínda con meirande misterio ca antes, musitou:

—Creo que a vin unha mañá na misa de Santa Eufemia, esta primavera...

Eu corrixín:

—Foi en marzo.

—Como se acorda!

—Si, teño boa memoria.

Isto díxeno cunha ollada rápida que pretendía engadir: «En circunstancias coma estas...». E el comprendeu porque me mirou intensamente, xusto cunha ollada de amor, e retomou a conversa:

—Pero non volveu máis a Santa Eufemia.

—Non. Quédanos demasiado lonxe... A miña madrasta non quere.

—E vostede querería?

En realidade quería dicir, e os seus ollos e a súa voz dixérono: «Gustaríalle volverme ver e repetir aquelas miradas?».

E eu contestei aquela pregunta tácita con sinceridade, seria e emocionada, coma se en realidade confesase o meu amor:

—Eu si.

El murmurou:

—Grazas!

E entón todo quedou claro. Entenderámonos e ambos os dous estabamos emocionados. Nese intre pasaba o palio co Sacramento. Os labregos que estaban na rúa axeonlláronse. Titina prosternouse. Eu ía facer o mesmo, pero mirei de esguello as curmás e vin que curvaran prodixiosamente a cabeza pero ficaban de pé, e o mesmo todos os señores do balcón, así que fixen coma eles. Entre as bafaradas do recendo e do fume do incenso, que ascendían dos incensarios

axitados ao redor do palio, sentín a voz de Mazzucchetti, que me borboriñaba na orella cun ton cariñosísimo:

—Denza, permite que lle escriba?

Denza! Chamárame polo nome! Sentín un arreguizo de pracer e de amor tan extremo que semellaba unha dor e me facía chorar. A carta tan soñada! Pero como faría para recibila? Era imposible mentres non estivésemos formalmente prometidos e dispuxésemos do consentimento do meu pai. Respondín apesurada:

—Eu non podo recibir cartas... Veríanas antes o meu pai e a miña madrasta...

Aclarei isto para advertilo de que cando falase con eles podería escribirme.

El non insistiu; en troques, o que fixo foi preguntarme cando podería volverme ver e onde ía á misa. Non dubidei en dicirlle que ía á catedral e que o noso banco estaba á dereita da nave principal, diante da capela de Santo Agapito. E el dixo:

—Domingo verémonos na catedral.

Despois calamos un longo bocado, aínda que eu sentía que tiña algunha cousa máis que engadir, porque tamén a min me faltaba algo, malia que o dixésemos noutros termos. Mais a procesión rematara; o señor Bonelli ordenara traer da súa casa unhas botellas de viño branco; todo o grupo se reunira á saída do balcón e nós os dous quedáramos fóra sós. Un labrego que portaba a bandexa coas copas tocou a Mazzucchetti no ombreiro e fixo que regresase á terra dende aquel fermoso ceo de amor onde estabamos.

Collemos as copas e ficamos con torpeza con elas na man, sen ousar realizar o acto de beber –demasiado material naquel momento– e, non obstante, desexando liberarnos daquel estorbo. El foi máis valente; permaneceu aparvado un minuto, logo bebeu o viño dun grollo e entrou na estancia para devolver a copa.

Eu, que fiquei soa, sentínme un pouco aflixida por quedar illada naquel coloquio de amor en presenza de todos, e achegueime ás curmás, que charlaban cos outros mozos, mentres Titina, un paso por detrás, escoitaba aloulada.

De Rossi e Maria mantiñan unha conversa extravagante da que non se entendía ren. Ela dicía:

—Tamén o xeo se funde coas grandes calores do sol.

E el respondía:

—Non, os glaciares...

Maria dixo cunha evidente malicia:

—Considere que os glaciares enganan. O Etna ten o lume dentro...

Giuseppina, con aquel comportamento seu algo desdeñoso de beleza elegante, engadiu:

—E esta tarde coido que o Etna está en erupción.

E todos atacaron a rir e se dispersaron.

Eu non entendía de que rían nin como podían dedicarlle tanto tempo a aquela montaña que ningún deles vira.

Ao volveuse, Maria caeu na conta da miña presenza e, colléndome do brazo, díxome:

—Oíches? Din que é un glaciar.

—Oh, Deus! Pero que vos importa iso? —eu cría que se referían ao Etna, pero ela respondeu:

—A min nada. Falaba por ti. Non me pareceu un glaciar esta tarde. Declarouse?

Decontino víalles as trazas ás cousas con aquela rapaza. Díxenlle:

—Como? Falabades del? Era el o glaciar con lume dentro? Tedes unha maneira de falar...!

—Non, é De Rossi quen di que é frío coma o xeo, incapaz de se namorar... Pero tanto ten. Que che dixo?

Cando o repetín, decateime de que en realidade dixera ben pouco, aínda que me dera a entender moito. E Maria compartiu o meu parecer. Aquel «Grazas» e aquel

«Vémonos domingo na catedral» eran unha declaración e unha promesa. Que pensaba aquel glaciador?

Sáímos todos xuntos da casa en dirección á cidade.

Crosio, o guapo oficial de permiso, camiñaba a carón de Giuseppina, e falaban pouco e amodo; semellaban un rei e unha raíña.

Maria ía do brazo de Titina, e os outros dous mozos voaban ao redor, e entre todos formaban unha cháchara e unhas risas do máis alegre.

O pai das curmás, que acompañaba sempre devotamente as súas fillas, as compracía en todo e as adoraba e que falaba moi pouco e só de negocios ou de política, ía detrás co profesor de piano, e cando pasamos onda el, escoitei que conversaba do canal Cavour<sup>6</sup>.

Eu adianteinos a todos e Mazzucchetti colouse ao meu lado. A estrada era bastante ancha. Os demais ían pola dereita e nós situámonos á esquerda.

Apenas nos vimos inmersos naquela escuridade, el si se armou de valor para dicir aquela frase que aínda faltaba:

—Sabe que a amo?

—Si...

Entón notei como se movía algo ao longo das dobras do meu vestido; despois a súa man colleu a miña, que xusto colgaba por un lado, e apertouma. E eu sentín naquel momento tal estremecemento de tenrura en todo o meu corpo, tal picadela aguda de gozo no corazón, que aquilo tiña que ser a meirande das dozuras humanas. Endexa-mais coñecín outras maiores nin semellantes. E vendería a miña alma ao demo, coma Fausto, por que se atrevese a abrazarme. Ficamos en silencio un longo pedazo, ambos

---

<sup>6</sup>N. da T.: Canal artificial construído para axudar a agricultura (en particular o cultivo do arroz) que nace no Po en Chivasso (provincia de Torino) e remata na comuna de Galliate (provincia de Novara). Leva ese nome por Camillo Cavour, presidente do Consello italiano en 1861 e un dos seus promotores.

os dous moi emocionados. El foi o primeiro en volver en si, e lamentou que non nos puidésemos escribir, porque me confiaría todos os seus segredos. Como resposta, preguntei:

—E logo ten segredos?

Díxome que si, e rogándome a máxima discreción, confioume que el e os seus tres amigos eran como «Os tres mosqueteiros». Alugaran un cuarto, xusto en fronte da nosa casa, había varios anos, e polas tardes reuníanse alí, puñan un fez e fumaban en pipa. Facíanse chamar Athos, Porthos, Aramis e D'Artagnan. El era Porthos.

Ademais, lembraba que unha tardiña me vira saír da casa coa miña irmá e co meu pai, cando el estaba esperando os seus amigos no seu habitual lugar de xuntanza...

Fora aquel serán que nós botáramos as contas da vella ao descubri-lo parado na nosa porta! Isto tinguiu de amargura aquela intensa ledicia. Non estaba alí por min!

Falábame en voz baixa, cunha seriedade algo tristeira, coma un home enleado nunha conspiración que acepta a fatalidade malia coñecer os perigos que encerra.

Eu xa sabía aquela historia e sabía que era coñecida por todos. Pero, contada por el, adquiría outra relevancia.

Os detalles daquela dependencia alugada, das cachimbas, dos gorros, os demais non mo dixeran. Non os coñecían. Ninguén o sabía. Contábamos a min soa. Facíame depositaria dun segredo. E eu propúñame custodialo con celo no meu corazón, e estaba orgullosa daquela proba de confianza que me concedía.

Tan só me gustaría que as curmás Bonelli soubesen que me fixera confidencias, e tamén aquel parvo que lle chamaba glaciador...

Logo confesoume que era un home funesto. E demostrouno cun feito.

Un día que estaba de caza cos seus amigos de sempre atoparan unha vella. Describiuna como as vellas das

novelas: cangada, desdentada e coa voz rouca. Pedíronlle que lles lese o porvir a todos e que a cambio lle darían unha lira cada un. El, xaora, era un espírito forte, reticente a calquera superstición, e mesmo un pouco ateo..., unha sombra. Agochábao para non aflixir a súa nai, pero nos seus adentros ríase da xente crédula. No entanto, nas palabras daquela vella reconecera a marca dunha verdade solemne que o conturbara, a el, a Porthos, o forte. Moito máis polo feito de que aquel día había temporal e relampaba. A vella agoirara que causaría a desgraza da muller da que se namorase e que se namorase del.

Por mor disto xuroume que, espontaneamente, nunca daría un paso para se achegar a min, por moito que eslumecece por facelo. Se non se dese a casualidade de encontrármonos aquela tarde, talvez non falaríamos endexamais!

Eu sentín como un arreguizo me percorría o corpo todo ante aquela eventualidade.

El seguiu dicindo que era un fatalista! Que a casualidade nos reunise daquela maneira «case milagrosa» probaba que tiña que declararme os seus sentimentos, e fixérao a risco de todo.

Pero no medio daquela alegría estaba triste e asustado por min, só por min; e o azar era o responsable daquela situación, unha responsabilidade que el non aceptaba porque sentía que realmente aquela vella lle dixerá a verdade. El carreaba desgraza, especialmente ás persoas que quería. Tivera unha irmá que morrera aos dezaseis anos! E engadiu:

—Gustaríame escribirlle todo isto!

E tras un momento, durante o cal talvez cavilaba nas requintadas expresións que escribiría, e que quedarán en baluto na súa mente, preguntoume:

—Perdóame que lle falase, a pesar de todo? Perdóame, Denza?



Eu apertei a súa man, que seguía sobre a miña, para lle comunicar unha sorte de ardor febril, e a seguir preguntei:

—Cal é o seu nome?

—Onorato. Chámeme Onorato cando me mencione ou pense en min...

Entrementres, chegamos ás portas da cidade. El détiouse e dixo:

—Adeus, Denza...

E a súa man semellaba un ser pensante que tivese un corazón e unha mente, de tantas cousas como me dixo e de tantos afectos como me transmitiu con aquel último apreixo tremente e nervioso. Aquela man díxome tamén que debía despedirme pronunciando o seu nome. E eu, algo confusa, musitei:

—Adeus, Onorato.

Os demais chegaran á nosa altura e pararon en grupo. Cumpría separarse. Se entrásemos en Novara xuntos, comezarían a estenderse os dixomedíxomes pola vila.

Sen verbalizalo, todos tiñamos presente o feito, e despedímonos estreitando as mans, sen convites nin promesas de visitas. Entre nós os dous non cabía falar de máis nada.

Mantiven no meu ánimo certa apreensión polo agoiro daquela vella. Non cría nel en absoluto e ninguén me convencería nunca de que algo tan fermoso como ser amada, e escoitalo dicir, podería ocasionarme unha malura. Porén, asustábame o pensamento de que el si o crese, e de que, se cadra, por aquel medo infundado, se abstivese de achegarse a min, de dar calquera paso cara a min, e de que me privase de tantas alegrías... Gustaríame persuadilo de que da súa parte, até entón, só me chegaran éxtases de dozura; de que cada ollada e cada sorriso só me inundaban de contento; de que era imposible que aquela felicidade trouxese desventura; e de que o único infortunio para min era que estivese lonxe...

Titina, como rapaza optimista que era, preguntoume:  
—Cando lle fará a petición formal ao noso pai?

Non sei por que considere aquela pregunta unha ofensa a Onorato, un pensamento receoso, e respondinlle con gran dignidade:

—Cando queira. Cres que desconfío del e que preciso obrigalo a falar cos nosos pais e a comprometelo cunha promesa para crer no seu amor? Sei que me ama, «que é meu e que eu son súa». Abóndame con iso e son feliz.

A miña irmá, que era porfiona, replicou:

—Eu, no teu lugar, preferiría que casase comigo.

—Eu non. Non sabes o fermoso que é ter unha persoa que te ama, estar de acordo con ela e coñecer todos os seus segredos... Tamén eu antes devecía por casar, pero agora que probei todos estes reloucos, desexo gozalos, prolongalos un pouco antes do matrimonio.

En verdade, aplacada a inqueda das dúbidas e mais a ansiedade por coñecelo, feliz na seguranza confiada daquel amor, estaba demasiado absorta na miña nova ledicia para advertir os fastíos da casa que tempo atrás me fixeran desexar casar tantas veces. Era feliz no medio daquelas calamidades, coma se nunca existisen.

Polo que entón devecía era por ler *Os tres mosqueteiros* para comprender mellor o segredo que albergaba no meu corazón.

Mais esta alegría non a acadei. Maria quería emprestarme a novela, pero Giuseppina opúxose terminantemente. Sabía que o noso pai era moi estrito en cuestión de lecturas, e non quería asumir en absoluto, nin ela nin a súa irmá, a responsabilidade de facerme ler unha novela ás agachadas, así que me dixo:

—Pregúntallo ao teu pai, e se el o permite...

Só de imaxinar o atrevemento de preguntarllo...! El nunca o consentiría!

Chegou o outono, o outono chuvioso e morriño, que pasamos metidos na casa, coa nosa rigorosa madrastra, o noso pai dedicado a ela por enteiro, o pícaro e as súas perrenchas e a tía tolleita pola reuma.

Mais, cando a casa estaba ateigada cos alborotos das tarefas e cos brados do cativo, e cando estaba silandeira e triste coma unha tumba nas horas do serán, resoaba na miña orella a voz afogada e amorosa de Onorato, que sempre me repetía con dozura as súas cariñosas palabras: «Sabe que a amo? Dígame se vostede tamén me ama. Adeus, Denza!».

Ás veces choraba de emoción; ás veces ría, cantaba, xogaba atoladamente co neno para desafogar aquela ledicia tan intensa; pero sempre era feliz.

Unha tarde ocorrúeseme entrar de improviso no cuarto da madrastra, e, cando estaba a piques de abrir a porta, oín que lle dicía ao meu pai:

—Que raro! Pensaba que Denza sería obxecto de máis galanteos. Agora que lle desapareceu aquel aire cándido e babiolo, e que mesmo parece un pouco sentimental, diríase que é unha moza guapa. Porén, ninguén lle fai as beiras nin se interesa por ela...

O meu pai respondeu:

—Que lle queres? Ás rapazas sen dote non lles andan detrás.

E logo dun silencio engadiu:

—Hai tempo, Bonelli deume a entender non sei que asunto sobre o fillo do enxeñeiro Mazzucchetti. Disque a mira con bos ollos...

—Como! Con bos ollos hana mirar todos; é unha moza bonita e dá gusto mirala. Mais quitade da cabeza que Mazzucchetti queira casar con ela. Un mozo que talvez teña un millón de liras! Andará a galanteala até que non teña outra cousa que facer e logo casará con outra...

No canto de entrar, recuei amodo, rindo para min daquel craso erro que cometía a madrasta, malia o seu bo senso. Pensaba: «Se soubesen! Se soubesen que xa nos puxemos de acordo entre nós e só é cuestión de tempo! Que coñezo os seus segredos e que lle chamo Onorato!».

E no meu corazón instalábase aquela fe certa coa que segundo o Evanxeo se poderían mover montañas.

Decorreu o outono e chegou o inverno, estrito, con puntuais nevaradas que deixaban as rúas impracticables. A nosa casa, onde só na cociña e no cuarto da madrasta se prendía o lume na cheminea, estaba xélida coma Siberia. Saíronme frieiras nas mans, que se volveron gordas e vergoñosamente encarnadas. Mais eu pensaba que eran as mans que con tanto amor estreitara Onorato, e ficaba inmóbil contemplándoas. Deformadas como estaban, traíanme ao acordo as encantadoras visións daquela tarde memorable.

Chegou tamén o Entroido, aquel carnaval de provincias, contiñeiro e pretencioso, no que se rexouba da máis mínima festa, antes e despois, até a náusea; no que se fan máis tarde cumpridos inventarios dos disfraces de cadaquén e se viste sempre de gala.

As Bonelli, que campaban moito, falábannos sempre de festas e de divertimentos dos que nós non tiñamos nin a menor idea. Así a todo, eu non tiña gana de tales distraccións. Que ía facer eu nun baile! Ademais de que non sabía bailar, a idea de facelo con calquera que non fose *el*, horrorizábame tanto coma unha infidelidade. Porque el non bailaba. Dicían que era porque estaba demasiado gordo, pero eu estaba segura de que non bailaba porque non estaba eu. E adiviñaba no seu pensamento, tras o pesadume pasadío por non poder abrazarme nun xiro de valse, unha grande admiración pola vida retirada que levaba, pola miña modestia.

Lembraba o que lle dixeran aquela vez o profesor de piano a Maria: «É un pouco salvaxe e intimidano as señoritas elegantes».

«Intimidano» era unha maneira cortés que o profesor tiña de dicilo, por consideración coas súas pupilas, que eran elegantísimas. Pero a un mozo adiñeirado e guapo coma Onorato non podía inspirarlle medo ninguén. Quería dicir que non lle gustaban esas mulleres. Que amaba as mozas sinxelas e modestas. E ningunha o era máis ca min.

Des que sabía que isto era o que lle gustaba, esquecera todas as miñas queixas pasadas polos costumes patriarcais da nosa casa, e parecíame que eu mesma escollera aquela clase de vida e que gozaba con ela.

Durante o Entroido tiña lugar en Novara a oitava de San Gaudenzio. Dende o 22 de xaneiro, que era o día da festividade do santo, o primeiro bispo da vila, durante oito xornadas seguidas a bendición era con música, para o cal mesmo viñan intérpretes da orquestra da Scala de Milán.

Nós dispuñamos dun banco en primeira fila, á esquerda do altar maior. Por diante había un ancho espazo baleiro onde paraban os homes de pé para ver os músicos, a carón do órgano, que estaba á dereita do altar.

Ano tras ano, nós asistíamos á oitava, fíxese o tempo que fixer.

Da solemnidade non nos interesaba nada; da música, ben pouco; do santo, aínda menos. Mais viamos xente e algún mozo miraba para nós e, para a monotonía da nosa existencia, iso era algo.

Adoito era a tía quen nos acompañaba, pois á madrasta non lle gustaba a música, e o noso pai, á tarde, acompañábaa sempre. Ademais, a igrexa era o dominio da tía.

Aquel ano comecei a inquietarme un mes antes, co medo a que a reuma lle impedise saír. Mais tamén para ela aqueles oito días representaban a etapa máis brillante do ano, e coidouse tanto que polo San Gaudenzio estaba relativamente ben.

Ao final da primeira tarde, logo duns minutos na igrexa, sentín uns pasos arrastrados. Alcei os ollos entre grandes palpitacións e vin desfilas devagar os mosqueteiros: Porthos diante, o resto detrás. El dirixiuse á parede debaixo do púlpito e acaroouse a ela, xusto diante de min, a dous pasos, e os demais dispuxéronse en ringleira ao carón.

Miroume en fite, ollos contra ollos, e até que durou a actuación seguiu mirándome, insistente, incansable. Os outros tamén me ollaban, coma se estivesen todos namorados de min. Mesmo cando ocorría que os atopaba separados pola rúa, mirábanme e virábanse para continuar facéndoo, igual ca el. E eu sentíame como a quinta na súa cuadrilla de amigos, e amábaos un pouco a todos como irmáns, por amor a el.

A tarde seguinte, e todas as demais, tornou á mesma hora e cos mesmos amigos. Colocouse no mesmo lugar e dirixiume as mesmas olladas intensas e longas.

Porén, o segundo día ocorreu algo. No momento da bendición, cando o crego alzaba a píxide coas hostias consagradas, os incensarios exhalaban nubes de fume e de incenso e todos inclinaban a cabeza devotamente, eu erguina amodo e mirei a Onorato.

El tivera idéntico pensamento e ollaba para min.

Naquel silencio profundo e solemne, como illados e sós por riba daquelas cabezas inclinadas, entre aquel excitante recendo do incenso, entre aquelas luces misteriosas, naquel ambiente de oración, os nosos ollos uníronse nunha soa mirada ardidamente amorosa, confundíronse, estreitáronse, bicáronse durante moito tempo.

Cando a voz desentoadada do crego e decontado as altas e alegres dos músicos entoaron o *O salutaris hostia*, eu axi-teime perplexa, confusa, embriagada, coma nunha longa aperta. Parecíame estar ligada tan estreitamente a el que sentía coma se lle pertencesese.

Até que durou a oitava, erguemos a cabeza no momento da bendición, e repetimos aquela especie de mudo e ardente diálogo de amor, que me deixaba atordada coma un golpe pero tola de felicidade.

Durante o resto da miña vida, aquel intenso silencio da bendición lembroume a ledicia daquel intre, emocionábame, facíame chorar. Os meus parentes e amigos teñen en grande estima a miña piedade.

Rematada a oitava, sentín unha gran carencia; semellábame que acontecera unha grave catástrofe, coma un incendio ou unha inundación, e que me arrebataran tesouros inestimables e me deixaran na maior aflicción.

Pero vía a Onorato sen falta na misa dos domingos e atopábao a miúdo pola rúa. Se iamos cas das Bonelli, as curmás obrigábanme a saír ao balcón, e ás veces víao pasar e sempre me miraba da mesma maneira.

Despois, na coresma, a miña irmá e mais eu faciamos quendas para acompañar a tía ao sermón. El estaba sempre alí, á cabeza da fila dos bancos onde estaba o noso, na capela de Santo Agapito. E cando me tocaba a min ir coa tía, mirábame todo o tempo que duraba o sermón. E cando era a quenda de Titina, miraba para ela, e ela contábamo ao volver, traéndome aquelas miradas coma unha embaixada. Aquilo tamén era unha delicia.

Polo resto, eu non era unha excepción. En Novara había varias raparigas que mantiñan amores daquel xeito e estaban tan contentas e confiadas coma min, e seguían así durante anos, sen avance ningún e sen que os seus pretendentes fixesen máis nada.

A filla do boticario de en fronte da nosa casa esperara polo fillo dun notario trece anos, e despois casara con el. Certo é que morrera dunha enfermidade nerviosa pouco despois de facer o ano do casoiro, pero a min isto non me podía pasar.

Aqueles amores baseados en olladas entraron de tal modo nos costumes de Novara que, ao se referir a dous namorados de categoría civil, adoitaba dicirse: «Fulano de tal *mira* a Fulana de tal». Só cando eran obreiros e tendeirás, a frase mudaba a: «Fulano de tal *fala* con Fulana de tal».

É costume en todo Novara enviar unha serra o día da media coresma. A xente da vila lévaa esborrachada con xiz nas costas ou ben envolvida e agochada enxeñosamente, de maneira que quen a ten non se decate. É unha chacota que consideran moi divertida. Os señores mandan regalar elegantes serras, e fano coa escusa de ofrecer calquera chilindrada, un debuxo, un pequeno detalle.

Por medio da serra, os galáns do Entroido logran que as señoritas que coñeceron nos bailes se lembren deles. Mandan a serra nunha carta por correo, acompañada de declaracións de amor en verso ou en prosa, sempre anónimas, cando menos para os pais, pois as raparigas adiviñan deseguida o nome do autor.

As Bonelli recibiron aquel día feixes de cartas con serras de papel recortado ou pintado, de seda bordada, de prata... Mesmo recibiron unha fermosa serra de ouro, que levaban sempre colgada da correa do reloxo.

Aquel ano, na mañá do día da media coresma, ao volver do mercado, a criada trouxo unha carta que atopara na portaría dirixida a min: «Denza Dellara!».

Sentín como o sangue me subía ás fazulas, quente coma unha laparada. Titina palideceu. Logo díxome que pensara que era a petición formal de matrimonio. Si, claro, e ía vir ao meu nome! Era a súa teima.



Estabamos as tres de pé, nós as dúas e mais a madraستا, arredor da mesa da cociña. A carta estaba alí, entre o paquete de carne aberto e un repolo mollado que lle pingaba por riba. Eu comíaa cos ollos, pero non me atrevía a tocala.

A madraستا, logo de escoitar as contas da criada, colleu amodo o sobre e, camiñando cara ao cuarto para ir buscar as lentes, dixo:

—Será calquera estupidez. Hoxe é o día das serras!

Eu xa sabía que era o día das serras. Sen ousar expresar nada da miña grande esperanza, nin sequera á miña irmá, pois podería ser en baluto, pensaba niso dende había meses e devecía por recibir aquela carta.

A madraستا tornou coas lentes pousadas no nariz e a folla desencartada na man, leuna a carón da fiestra e despois dixo encollendo os ombreiros:

—O que eu dicía: unha estupidez!

E guindouna de novo sobre a mesa, cunha serra de papel azul escuro moi pequena que foi apegañarse no cacho de carne. Aquela carta parecéralle tan inofensiva que ma deixaba.

Eu preguntei, cun sorriso forzado, moi nerviosa e entre evidentes tremores:

—Podo lela?

—Claro, le! Podes presumir de que a túa correspondencia traia as últimas novidades.

Collín a folla pingando o líquido do repolo e lin:

*Un dí felice eterea  
Mi balenasti innante,  
E, da quel primo istante,  
Arsi d'immenso amor.  
Di quell'amor che è palpito  
Dell'universo intero*

*Misterioso altero*  
*Croce e delizia al cor*<sup>7</sup>.

A madrasta miraba para min, esperando que tamén eu me botase a rir e dixese que era unha estupidez. Pero a emoción cortábame o alento; tratei de rir e no canto diso estoupei nun pranto inconsolable.

A madrasta sospeitou e, con maior dozura ca de costume, díxome:

—A que vén iso de chorar? Acaso sabes quen a escribiu?

Eu, sufocada polos saloucos, abaneei a cabeza e os ombros con enerxía. Ela seguiu:

—Non sabes? Mágoa! Preferiría que o soubeses. Se fose un bo mozo, con intencións honestas e adecuado para ti, poderíamos falar con el e mirar de concertar un matrimonio. Serviría para romper o xeo...

Eu volví abanear o corpo en sinal de negación. A idea de que Onorato fose asaltado por alguén que lle reclamase que me desposase, coma se se tratase de pagar un imposto, facíame arrubiar e horrorizábame. Parecíame que me consideraría cómplice dunha conspiración para forzar a súa vontade, que se ofendería e escaparía. Quería que viñese a min de maneira espontánea, cando as circunstancias fosen as propicias e llo permitisen, e desexaba ofrecerlle unha gran e absoluta proba de confianza ao non preguntarlle nunca cales eran as súas intencións. Podía acaso dubidar delas?

A madrasta continuou:

—Se non sabes quen che escribe esta necidade, non entendo por que choras...

---

<sup>7</sup>N. da T.: Un día, feliz, etérea, / relampaches diante de min, / e, dende ese primeiro instante, / ardín de inmenso amor. / Dese amor que fai latexar / o universo enteiro / misterioso, altivo / Cruz e delicia para o corazón. Son versos que pertencen ao acto I de *La Traviata* de Giuseppe Verdi.

Titina, cunha astucia e unha rapidez que me sorprenderon, respondeu:

—Levou un desgusto porque se deu de conta de que é unha burla.

Eu afirmei e aproveitei aquela xustificación para volver ler a folla e chorar todas as bágoas dos meus ollos nun rauto de tenrura nerviosa.

A madrasta arreoume unha losqueada cariñosa e dixo:

—E choras por unha burla? Tan maior e tan boubexa? Deixa que falen! Cando eu era do teu tempo, nunha festa na que estreaba un bonito vestido de cor rosa, cun canesú de tule branco e unha capa de seda, tropecei cunha cuadrilla de mozos que me miraron. Pouco despois o seu líder berrou: «Ten todo bonito bardante a face». Pero eu non me botei a chorar por iso. Tamén rin e fixen de tripas corazón. Ademais, quen sabe se de verdade algún se namorou de ti! O mesmo calquera día se presenta a pedirche matrimonio! Sería algo parvo, pero que máis ten? Se chegasen a casar só as eminencias... Veña, veña, para de chorar e vai mollar a cara.

Xa me tardaba correr ao cuarto para volver ler atentamente aquelas vellas palabras que coñecía e recitaba dende había tanto tempo, e bicalas e lelas de novo.

Durante toda a primavera e parte do verán non se produciron máis novidades.

Contra a metade de xuño, unha tarde na que apertaba a calor, ao pasar por diante do café Cavour vin a Onorato cos seus tres amigos, sentado a unha mesa, no medio dun fatado de señores elegantes e de camareiros que corrían de testo para cribo levando as bandexas cos brazos levantados e gritando: «Xa vou!».

Nós nunca sentáramos naquel café de luxo. As poucas veces que queríamos tomar un xeadó, íamos a un café modesto e menos frecuentado. Entrábase por unha portuña traseira que daba a unha sala deserta e alí pedíamos tres xeados e cinco pratos para repartilos. O noso pai e a madrastra dábanlle cadansúa parte do xeadó ao cativo. Titina compartía o seu comigo. Normalmente, o camareiro traía só tres culleres, e o noso pai tiña que reclamar e impacientarse para dispor das outras dúas. Coido que o camareiro o facía á mantenta para se burlar de nós.

Aquela tarde, talvez porque a calor a trastornara, a madrastra propuxo parar no café Cavour. Eu arrubiei só de pensar en montar toda aquela zarampallada dos pratos diante de tanta xente e *del*, pero non podía opoñerme. Entón dixeran que me doía a cabeza e que non podía tomar xeadó. Así, só Titina compartiu o seu co neno e non houbo máis complicacións.

Aquela tarde tiveran a impresión de que nas miradas de Onorato había algo insólito, como unha expresión de mágoa, de melancolía. Por dúas veces inclinou levemente a cabeza en sinal de saúdo. Cando nós nos levantamos, el tamén o fixo, e, naturalmente, canda el erguéronse os mosqueteiros, e durante todo o camiño sentín as súas voces detrás de nós.

E mentres o noso pai abría o portón, eles adiantáronnos e logo dalgúns pasos Mazzucchetti virouse e saudoume, *con certeza que me saudou*.

A impresión que conservei daquel encontro non foi de completa alegría. Estaba conturbada. Sentía que quixera anunciarme algo, e algo triste. Pero que? Titina non parecía disposta a axudarme a adiviñar, e dicíame:

— A ti fáltache unha cocedura! Sempre andas coa mesma historia. Miroute coma sempre. Ben mellor sería que che pedise para casar!

Non o vin nuns días. Domingo non apareceu na misa, por primeira vez despois de case un ano! E a tarde daquel mesmo día cruceime con dous dos mosqueteiros desemparellados: De Rossi e Rigamonti... Faltaban Porthos e D'Artagnan.

Aquilo xa era demasiado! Comecei a contristarme, a incinir en ideas negras, e por moito que Titina afirmase que seguro que fora «a aquelas augas que adelgazan, de onde regresaba sempre máis gordo», eu non acougaba.

Recorrín ao habitual refuxio das Bonelli. Pronto marcharían ao campo; díxenlle á madrasta que partían dentro de dous días, aínda que sabía que era dentro de dez, e convencina para que nos acompañase a despedilas.

Ende mal, o despacho do señor Bonelli estaba pechado, e a madrasta subiu connosco. Mais esta vez Maria pensou en min, e ao estreitarme a man, murmurou:

—Foi a París, á Exposición.

Logo volveuse cara á madrasta e falou doutro tema, deixándome esbrancuxada e fría, con aquel afiximento no corazón.

A París! Como era posible que alguén marchase de verdade a París? E que volveuse de alí? Fiquei un bocado muda, paralizada. Despois, pouco e pouco, volvín en min, cos oídos zumbando, como logo dun esvaecemento; e no medio daquel zunido que era a conversa xeral, da que non entendía nin palabra, exclamei coa afouteza da desesperación:

—A Exposición é en París, non si?

A madrasta respondeu:

—Que novidade! Non se fala doutra cousa...

E continuou a charla que interrompera, «que nós non tiñamos vacacións porque as vacacións son unha folganza innecesaria, e ela, cando compraba terreos, pretendía investir os cartos para o seu herdeiro...».

Interrompina de novo para preguntar con ansia:

—E vai moita xente?

—De vacacións?

—Non, a París.

—Arrea! Que fixación con París! Acaso esperas que te leve, ou?

—Non... Só pregunto... por saber.

Giuseppina dixo:

—Disque foron os Carotti, o marqués Fossati, os Preatoni e tamén unha cuadrilla de mozos...

Lanzoume unha ollada para me advertir que falaba del, pero coa prudencia que a caracterizaba non dixo o seu nome nin o de ningún outro, e continuou:

—... que estarán un mes en París. Logo pasarán outro mes en Londres e visitarán parte de Inglaterra, Bélxica e Holanda...

Eu exclamei desalentada:

—Pero estarán unha eternidade de viaxe!

—Chégalle ben, si. Seica é unha viaxe de estudos. Estarán de volta para Todos os Santos.

Consonte se achegaba a festividade de Todos os Santos, o meu espírito apazugaba. Xa non pensaba en algo afastado, senón na alegría do retorno, de atopalo na rúa e de volvelo ver na igrexa.

A véspera de Todos os Santos fomos cas das Bonelli. Mais aquel ano as rapazas abandonaran as leccións de piano, vían o profesor moi de cando en cando e non sabían nada dos Mazzucchetti.

Giuseppina dixo:

—É certo que debían tornar hoxe. Sei que Crosio volve esta tarde, e creo que Mazzucchetti tamén.

Máis tarde, Titina comentou que Giuseppina sempre estaba informada de todo o que facía Crosio e que *debía de haber algo entre os dous*. Pero a min tanto me tiña ninguén; o meu amor absorbíame por completo.

A mañá de Todos os Santos, ao vestirme para a misa, díxenlle á miña irmá:

—Non sei como vou facer para non esvaecer cando o vexa entrar na igrexa.

E ela respondeume:

—Déixate de lerias porque pode que hoxe non veña. Acaba de chegar para pasar o día de Todos os Santos coa familia e non poderá deixar a súa nai o primeiro día.

Durante a misa non fixen máis que mirar para atrás cada vez que sentía abrir a porta. Escandalicei os fieis, a tía berroume e a Onorato non o vin diante.

O día de Defuntos espertei coa sensación de que sobrevivía unha desgraza; de pronto lembrei a miña desventura e dei en lamentarme con Titina xa antes de me erguer.

Pola tarde, mentres Titina, á quen lle tocaba a semana de cociña, estaba preparando o guisado de feixóns que se come en toda a provincia o día de Defuntos, eu, que sentía o corazón ateigado de amargura e os ollos arrasados, tirei co labor no cesto da costura e erguinme para arrimarme á fiestra, ollando a chuvia que caía apresurada e miúda, e salouquei en silencio.

Ao cabo dun tempo vin o señor Bonelli entrar polo portón, atravesar o patio botándolle unha ollada alegre ás nosas ventás e desaparecer no despacho do meu pai.

O corazón deume un gran brinco. Tiven o presentimento de que aquela visita insólita estaba relacionada comigo. Sen atreverme a fincar os meus pensamentos na esperanza, que xurdía timidamente no meu ánimo, corrín onda Titina e bisbeille todo o que vira.

Ela, sen alterarse, seguiu cortando en cadrados uniformes a carne de porco para cocela cos feixóns de Defuntos e dixo:

—Polo que parece, Mazzucchetti volveu e mandou o señor Bonelli para facer a petición de matrimonio.

Eu boteille os brazos ao pescozo, agochei o rostro no seu ombro e comecei a sotelar presa dos nervios.

Ela encolleu os ombros sen aspereza, pero un pouco confusa, e, afanándose en cortar a carne, fitoume e díxome deseguida:

— A ti fáltache unha cocedura! Quita de aí e vai para o cuarto. escoita: vén o cativo. Como lle diga á súa nai que andas a facer estas escenas... !

Logo, soltando un gran suspiro, cunha mirada desolada á madeira para tallar, engadiu:

—Xa me tarda que cases! Non hai quen ature isto.

Fun para o cuarto axitadísima. Abaixo, no despacho, tratábase a gran cuestión do meu porvir.

Oía a Titina parolar na cociña coa madrasta, que fora axudala, e rir co pícaro, que preguntaba: «Por que os mortos comen feixóns?».

A voz do meu pai, que debía estar asomado á porta da cociña, chamou pola madrasta.

—Marianna! Vén ao despacho un momento!

Non ben escoitei pechase a porta detrás dela, escapei á cociña e pregunteille á miña irmá:

—Titina, que cara tiña papá? Parecía contento?

—Si, si, refregaba as mans.

Naquel intre, dende o cuarto, a madrasta chamou forte dúas veces: «Titina! Titina!».

A miña irmá respondeu: «Vou!». E mentres desataba as fitas do mantelo, murmurou:

—Queren preguntarme se non me desgusta demasiado deixar pasar diante a irmá máis nova. A túa sorte está nas miñas mans!

E saíu rindo.

Estiveron moito tempo reunidos. Eu estaba desaque-loutrada. Tiña tanta gana de me desafogar que entrei no biombo e lle contei á tía que talvez Bonelli viñera facerme



a petición de matrimonio de parte dun mozo moi rico e moi bo, fillo único...

A tía alegrouse moito e rogoume que a levase ao campo comigo, cando menos un mes ao ano, e dixo: «Aínda que non o parece, o ano detrás deste biombo faise longo».

Resoaron uns pasos fortes na cociña e o noso pai dixo: —Denza! Onde andas?

Saín do biombo sorríndolle á tía, que me facía pequenos acenos coa cabeza, e seguín o meu pai, que se encamiñaba ao cuarto e mantiña aberta a porta para min.

Batín coa madrasta sentada a rentes do lume, con Titina de pé diante, cos ollos abaixados e a face colorada, coma se chorase. O meu pai sentou da outra parte da cheminea; eu quedei de pé preto da miña irmá. Díxome:

—Querida Denza, a túa irmá asegura que estás moi melancólica e que non poderías vivir sen a súa compañía, ou cando menos que serías desgraciada. É verdade iso?

Non entendía nada. Como a miña irmá podía imaxinar que vivindo con Onorato, como a súa esposa, ía sentir tanto a súa falta? Si, queríaa moito, pero non vía a hora de marchar de alí, e, se tiña unha agonía era non botala de menos suficiente.

De calquera maneira, non quería renunciar á miña felicidade para secundar a tenrura da miña irmá. Pedíame un sacrificio demasiado grande. Respondín:

—Todo depende da compañía coa que teña que vivir cando a deixe a ela...

A madrasta interrompeume un pouco resentida:

—Oh, en canto a iso, a compañía do teu pai e da que ocupa o lugar da túa nai, creo que podería resultar agradable aos teus ollos!

Mirei para ela estupefacta. Tiña que vivir con eles tamén despois de casada? Entón por que non ía estar Titina? Esta foi a pregunta que me veu á boca:

—Pero Titina onde irá?

—Ai, guapa, pois co seu home!

Titina deixou escapar un salouco e atacou a chorar tapando a face coas mans. Eu exclamei con moito xúbilo:

—Oh! Ela tamén casa?

A madrasta lanzoume unha ollada estupefacta, e despois dixo, dirixíndose ao meu pai.

—Tamén ela! Fíxate que esta señorita creu que era ela a noiva. A culpa tela ti, por non dicir nunca as cousas claras.

Logo volveuse cara a min e continuou:

—Velaquí do que se trata. Recibimos unha petición de matrimonio para a túa irmá, pero ela dubida en aceptar para non separarse de ti, que estás tan melancólica, di... Quen sabe a razón... Coido eu que aquí ninguén che dá desgustos...

E deu comezo a unha longa cháchara, mais eu xa non a escoitaba. As primeiras palabras supuxéranme tal lategazo, que fiquei completamente fría e tremente e non daba unha fala.

O meu pai díxome moi severo:

—Pero, Denza, non tes nada que dicirlle a Titina, que está disposta a sacrificarse por ti?

Eu farfallei:

—Non quero que se sacrifique. Que case! Á miña melancolía non hai nada que facerlle... Non ha tardar en levarme á tumba! Seguro que morrerei!

E escapei saloucando mentres a madrasta lle dicía ao meu pai:

—Cómpre coidar desta rapaza... Vese que anda demasiado nerviosa...

O pretendente da miña irmá era Antonio Ambrosoli, o fillo do boticario de Borgomanero, o mesmo que estivera prometido tres anos coa nosa curmá desa vila.

No momento de concertar o matrimonio, a moza non aceptara convivir cos proxenitores del, e el, por conflito de intereses, non quixera separarse dos pais, de aí que aquelas nupcias, longamente degoiradas, se frustrasen.

Esta revelación púxome un grande espanto no ánimo. Certo é que, denantes de renunciar a Onorato, me resignaría a facer vida en común co seu pai, coa súa nai e con toda a súa parentela paterna e materna, ascendente e colateral, até os curmáns máis arredados. Pero e se, por calquera outro motivo, os seus pais se opuxesen ao noso matrimonio? E se el, coma Antonio, renunciase?

A madrasta, á que non lle gustaban as reviravoltas, anunciou que as nupcias da miña irmá se celebrarían dentro dun mes. E aquel tempo ocupouse cos preparativos, de xeito que estiven moi distraída da miña eterna coita amorosa.

O gran día botóusenos enriba sen que rematásemos aínda de coser o enxoval. A noite anterior nin sequera nos deitamos, e ao abrente xa estabamos todos engalanados.

Eu, que a poder de medrar acabara por ter que alongar as saias, quixer ou non, dispuxen para a ocasión dun vestido novo de la verde botella que chegaba ao piso, un sombreiro de feltro verde e unha capa a xogo co vestido. E a miña irmá, preocupada polas miñas mans encarnadas, suxeríralle ao noivo que me regalase un manguito de falso armiño... Ah, devecía porque Onorato me vise vestida daquel modo! Mesmo levaba os cabelos partidos na fronte!

Mais ninguén me viu porque a cerimonia tivo lugar ás seis e media da mañá, sen pompa e sen convidados, e ao saírmos da igrexa fomos directamente á estación para

acompañar os acabados de casar, prestos a marchar para Borgomanero.

Non ben marcharon, a casa mergullouse na habitual tristeza.

Con todo, achegábase o Nadal, e eu consolábame pensando que Onorato volvería para celebrar as festas coa familia. Repetía para os meus adentros un proverbio que aludía a unha vella lenda, e que a tía repetía cada vez que se falaba do Nadal e da xente que estaba lonxe: «No Nadal tornan até os facinorosos!».

Aínda que de ordinario non era moi pía, aquel ano saín cada mañá ás sete coa tía, que facía a novena do Nadal en San Marco. Cría que aquela hora matutina, aqueles camiños desertos e escuros e o xeo da noite que renxía debaixo dos nosos pés, lograrían aumentar o mérito da miña devoción.

Axeonllábame en acto de contrición na penumbrosa igrexa e, fitando con ollos suplicantes as distantes luces das candeas sobre o altar, murmuraba con fervor: «Oh, Xesús, fai que torne! Oh, Xesús, fai que torne!». E esgorxábame cantando as ladaíñas e o *Tantum ergo*; mais, para min, aquela nenia magoante e aquelas palabras en latín que non entendía, repetían todas a mesma invocación: «Oh, Xesús, fai que torne!».

O 22 de decembro viñeron as Bonelli anunciar que Giuseppina estaba prometida. O pai deu a nova oficialmente, e a filla arrubiou unha chisca, non demasiado; sacudía con enerxía as nosas mans en resposta aos parabéns e dicía sen confundirse:

—É capitán de cabalaría. O seu pai era coronel, o famoso coronel Crosio que finou en Solferino. O rei Carlo Alberto estimábao moito, considerábao un amigo. A nai pertence á vedraña nobreza piemontesa; vive preto de Racconigi. O seu pequeno xardín linda co parque real, e Carlo

Alberto, cando estaba alí de caza, entraba algunhas veces na modesta vila do seu coronel...

Dicía todo isto coma se falase dun home novo ao que só coñecese des que lle pedira a man e do que non soubera máis que aquelas xeneralidades. Dos seus sentimentos, de como se namoraran e se prometeran –o cal tivera que acontecer había tempo porque Titina notara que cas das Bonelli sabían decote todo o que facía Crosio–, non lle escapou nin palabra.

Aquelas raparigas facíanlo todo con compostura, sen escenas, coma a xente de boa caste, incluso cando se trataba de amor.

Humilloume tanto aquela reserva tan arrodeada de dignidade, que non me atrevín a preguntar por Onorato.

Que aburridos me pareceron aquel ano os enfeites do Nadal, que na nosa casa comezabamos a preparar oito días antes da festa!

Miña irmá e mais eu adoitabamos rir a cachón cando nos empolicabamos nos fogóns, na mesa, no chineiro ou na cambota da cheminea para coroar con loureiro as potas penduradas na parede, «coma se coroaban os poetas no Campidoglio», dicía o noso pai.

E nós, cando cociñabamos, diciámonos unha á outra: «Sácame ese poeta máis grande» ou «Sácame ese poeta máis pequeno».

Cando preparabamos o presebe do neno, descubrimos que un dos Reis Magos, o que leva o incenso, lle imitaba a Onorato, e acordáramos chamarlles aos Magos «Os tres mosqueteiros».

Non entanto, aquel ano eu estaba soa e triste. Ao colocar no seu sitio os mosqueteiros, no fondo do presebe, lembrei que Titina, o Nadal anterior, dixerá: «Estes benditos mosqueteiros sempre están na porta coas súas ofrendas, pero non dan entrada nunca».

Decorrera un ano e o meu mosqueteiro seguía na porta... Iso no caso de que estivese alí, porque, con aquela distancia, que sabía del?

En xaneiro celebrouse con gran fasto a voda de Giuseppina; eu tiven que contentarme con acompañar a madrastra á igrexa e enxergar entre a multitude a noiva vestida de branco, o noivo en uniforme de gala, a sogra maxestosa coma unha raíña, a todas as señoras cos traxes de longas colas que mantiñan a xente a distancia, e os homes vestidos de negro, entre os cales tamén estaba o noso pai, cun groso rolo na man. Era o epitalamio que tiña que ler no banquete e que o señor Bonelli mandara imprimir á súa conta. En verdade, o noso pai escolléao entre o vello feixe de poesías xuvenís, que gardaba no secreter do seu apousento entre as lembranzas familiares. Mais traballara moito para adaptalo ás circunstancias, e queixábase de que «o estro xa non lle sorrise coma antano». Falaba do himeneo, e da Virxe, e de San Xosé, o patrón das mulleres casadas, porque o noso pai «malia coñecer a linguaxe poética, non esquecía que era cristián».

Na primavera souben que Onorato estaba en Soleure e que tiña previsto quedar todo o ano para refrescar o seu alemán.

Aquelas dúas vodas, unha detrás da outra, fixéranme concibir a miña como algo máis doado. E, de socato, a idea dun ano enteiro de separación, dunha espera indefinida, abateume coma un desengano.

Así a todo, resignei-me e seguí adiante outros doce meses, sempre cos mesmos pensamentos.

Aconteceron moitas novidades naquel tempo, agradables e dolorosas. A miña irmá tivo un neno. O home de Giuseppina foi destinado á gornición de Palermo, e ela acompañouno alén mar. O pícaro da madrastra abandonou os faldróns, puxo pantalóns e empezou a ir á escola. E a

pobre tía colleu unha reuma máis grave ca as outras, estivo na cama un mes enteiro e acabou marchando para o outro mundo, no que cría dende vello, con tanto acougo como vivira.

O noso pai prendéralle moitas candeas á Virxe durante a doenza... Aquela vez o seu remedio non funcionara. E a cociña parecíanos máis grande e triste sen aquel biombo.

Despois, nos primeiros tempos do noso loito, casou tamén Maria, e, tras unha breve viaxe de noivos, tornou co home á casa do seu pai para non deixalo só na vellez.

Das catro, eu, a beleza, ficara de última.

Ao cabo, un serán de maio, mentres estabamos de paseo pola alameda, vin a Onorato cos dous mosqueteiros que lle quedarán.

Ao que pasei ao seu carón, miroume, xusto coma se me vise o día anterior. Tiven un rauto de tola alegría e cavilei: «Xa está! É a miña quenda!».

E esperei días e días a petición de matrimonio.

Pero a petición non chegou. Volveu comezar coas miradas cando me atopaba, a ir á igrexa e a colocarse na cabeceira do banco, cos ollos fitos en min; aqueles ollos que me confirmaban sempre o tácito acordo entre nós e reforzaban a miña confianza, e que, malia acrecentar a miña impaciencia, me daban forzas para esperar.

E agardei de feito cinco ou seis meses, feliz polo seu retorno, tranquila ao crer que tiña o porvir asegurado.

Un día, Maria, quen tras a súa voda non me volvera falar de Onorato e se deixaba ver pouco pola nosa casa, veume buscar para levarme comer á súa casa.

Aquel inesperado acontecemento fíxome supor que tiña algunha boa nova que comunicarme; pensei na petición de man e saín co corazón nun puño.

Mentres esperabamos que o señor Bonelli e o home de Maria chegasen para o xantar, faloume:

—E ti, beleza, non tes pensado casar? Xa é tempo, non? Tes seis meses máis ca min.

Eu empecei a responder:

—Non ben me faga a petición...

Ela interrompeume cunha risa que non soaba natural e exclamou:

—Ah, a petición de Mazzucchetti! Esa petición é o teu *buque fantasma!*

—O meu *buque fantasma...*?

—Si, non o sabes? É unha ópera<sup>8</sup>. É dicir, unha meta á que se tende sempre e nunca se alcanza. Unha ilusión.

—Pensas que é unha ilusión?

—Vexo que pasan os anos e non ten final... Eu, no teu caso, renunciaría.

Encollinme de ombros e ela continuou:

—Ese gordo escorréntache os partidos.

Eu protestei:

—Pero, que partidos? Se non hai ningún outro que repare en min...

—Non tal! O que ocorre é que todos saben que estás namorada del. O meu home sentiuno dicir nun café.

—Nun café!

—Claro, querida, así é. Ti vives fóra do mundo e non sabes que ese bo señor te compromete coas súas eternas miradas, que nunca chegan a nada.

Sentíame algo ofendida, sen saber ben a razón.

Aquela conversa parecíame cargada de crueldade e que non viña a conto. Por que mo dicía precisamente agora e non un ano antes? Non contestei nada, pero o meu silencio tivo que darlle a entender que estaba resentida, porque se achegou a min, colleu a miña man e díxome:

---

<sup>8</sup>N. da T.: *O buque fantasma*, máis coñecida como *O holandés errante* ou *O holandés voador*, é unha ópera romántica do compositor alemán Richard Wagner.



—Non te enfades. Dígoche estas cousas porque te quero ben. Se nós puidésemos axudar, tanto o meu home coma min... Pénsao. Podemos facer algo? Pronto marcharemos ao campo. Queres vir connosco e estar fóra todo o outono e tratar de esquecelo? Queres?

Dediquei un longo tempo a pensar. Intuía naquelas palabras unha segunda intención que non lograba comprender. Finalmente dixen:

—Por que esquecelo? Despois de esperar tanto...!

Ela miraba para min cun aire de compaixón que me puña de mal humor, pero non dicía nada. Eu asegundei:

—Esquecelo! Precisaría saber que nunca casará comigo para tratar de esquecelo.

Maria inclinou a cabeza coma se estivese arrepentida de algo e se avergoñase e, sen mirarme, murmurou:

—Fai conta de que o sabes.

Sacudín con forza as súas mans, que seguían termendo das miñas, e, rexeitándoa e erguéndome para mirarlle a cara, moi alterada, berrei:

—Por que? Que motivo hai para que digas iso? Por que non casará nunca comigo? Teño algunha culpa? Di...

Abaneou a cabeza e, sempre cos ollos baixos, respondeu:

—Ti, non, pobre Denza!

—É del do que sospeitas? Dimo! Quero oílo. Hai outra? Esta vez alzou os ollos, fitoume compunxida e, xuntando as mans como para pedirme perdón, dixo moi baixo:

—Casa coa Borani.

Eu repetín coma un eco:

—Casa coa Borani!

E sentín que quedaba completamente fría, e tremía e tremía, e non era quen de dicir outra cousa.

Parecíame que todos os vencellos que tiña coa vida se esnaquizaran nun intre, e que, tras aquela gran zarracina tiña que morrer; todo tiña que acabar.

Maria ollábame perplexa. Deixárame caer sobre o diván; ela axeonllouse ao meu carón, en silencio.

Os saloucos comezaban a encherme o peito e a apertarme a gorxa. Resistín un minuto, despois abandoneime nos seus brazos, chorando con desespero e exclamando que quería morrer, que quería meterme a monxa, que non quería seguir estando en Novara nin un só día máis, e que non quería volver saír da casa, e que, ao verme, todos se rirían de min, e que morrería de vergoña.

Maria deixou que desafogase pacientemente, sen me contradicir, sen tentar consolarme, até que a convulsión do pranto cesou.

Só entón, con moita delicadeza, dixo que sempre lles dera demasiada importancia a aquelas miradas; que, na fin de contas, el fora listo, xa que non se comprometera de ningún modo; que era certo que lle gustaba porque era guapa, e se tivese o dote da Borani preferiría casar comigo; pero era un home interesado; non tiña a coraxe de renunciar ao dote. E non merecía que o botase de menos, e, sobre todo, non debía darlle o triunfo de converterme en vítima, de conturbarme. Tiña que mostrarme indiferente. Entendía que era difícil e doloroso, mais esta tiña que ser a miña heroicidade. Tiña que facelo pola miña dignidade; empezando decontado a recompoñerme para que nin o seu pai nin o seu home se decatasen, e máis tarde a miña familia... Esta consideración afectoume máis ca as outras. Con certeza, non podía dicir na miña casa: «Choro, desespérome, monto estas escenas porque o meu namorado vén de me plantar».

Lavei a cara con auga fresca e, a duras penas, asistín a aquel xantar, no que os dous homes tiveron a cortesía de finxir non saber nada e non reparar no estado de alteración que presentaba. Á noite, cando a madrastra, ao me ver tan pálida e cos ollos inchados, me mirou espantada, eu bisbei:

—É que falamos da tía.

E funme espir ao cuarto.

Á mañá seguinte foron as angueiras inevitables da casa as que me axudaron a combater, se non a miña dor, cando menos as súas manifestacións.

Apenas falaba, estaba triste e seguía tendo o pranto da gorxa, mais tragábao e finxía non ter outro pesar ca aquel polo que aínda levaba loito.

Así superei o período máis agudo e difícil da catástrofe. Máis tarde fun con Maria ao campo e alí fiquei até pasada aquela voda de xente rica que en Novara ía ser obxecto de cubilladas, porque se quedase na vila sufriría e me mortificaría demasiado. Cando regresei, retomei a miña vida cotiá e, pouco e pouco, afíxenme á dolorosa idea de non ser amada. Cando cadraba que me encontraba con Onorato, el mirábame igual ca antes. Era un costume. Se non tivese muller, ilusionariáame con que me amase sempre, e esperaría quen sabe até cando. Maria dicíame:

—É mellor que estea casado. De non ser así, faría que envelleceses solteirona coma a túa tía e vivirías e morrerías detrás dun biombo.

Estremecinme ante aquela idea, e tiven que estar de acordo en que, en efecto, era mellor así. E ela, animada, continuaba coas súas trasnadas de rapaza, que de cando en vez aínda lle pasaban pola cabeza:

—Se o sabe o teu pai, préndelle unha candea á Virxe pola *Graza recibida*.

Despois daquel grande acontecemento transcorreu un período, bastante longo, durante o cal non pasou absolutamente nada. Foi un tempo aburrido e eslamiado, completamente ateigado de angueiras da casa, de conversas

insubstanciais, de costumes que se repetían en datas fixas: solemnidades, festas de familia, exames e premios na escola do meu irmán, pequenas enfermidades da madraستا, visitas intercambiadas coa miña irmá. Nada que me encandease ou que me deixase unha fonda impresión até o Entroido de 1875.

Aquel ano, Giuseppina, que tivera un parto prematuro e estaba algo enferma, veu pasar o inverno a Novara, e a súa irmá, para divertila, ofreceu un serán musical, advertindo que ao remate habería que dar catro pasos de baile.

Era a primeira vez que se me presentaba a ocasión de asistir a un serán, e preocupábame moito a miña vestimenta. Recibíramos o convite pola tarde e a festa sería dentro de dous días. Á noite, na cea, dixeron:

—Podería pór o vestido branco deste verán...

O meu pai comentou que ía coller frío, pero a madraستا comezou a poñer reparos:

—Ese? Todo branco? Paréceme demasiado xuvenil para unha rapaza da túa idade.

Creo que naquel momento a circulación do meu sangue triplicaba a súa velocidade habitual, porque sentín que un acceso de calor me subía da cabeza aos pés, e o corazón bateume cunha violencia tal que me averduguei por completo; non obstante, mentres que aquela impresión me acometeu de inmediato, o pensamento non estivo tan lixeiro á hora de reflexionar sobre a idade que tiña e sobre se me conviña ou non aquel vestido, así que exclamei:

—Á miña idade! Seica son unha vella para non me poder vestir de branco?

E a madraستا, desapiadadamente sincera, dixo:

—Non es unha vella, non, pero xa es unha moza feita...

Ah, que golpe aquel! Nin sequera o abandono de Onorato me desconsolara daquel xeito. Unha moza feita! E era certo. Tiña máis de vinte e cinco anos! Nunca reparara

naquela idea. Aquela idade viñérame enriba, así, devagar, levando sempre a mesma vida que facía aos quince anos, sempre sometida ao meu pai e á madrasta... De feito, aquel pícaro que collera no colo, convertérase nun homiño de dez anos e xa ía ao liceo.

Aquela noite, sentada na cama, coas pernas colgando no baleiro, lívida polo frío, fiquei moito tempo absor-ta naquelas taciturnas cavilacións. Máis de vinte e cinco anos, case vinte e seis! Dentro de catro tería trinta! Lembraba canto me rira coas curmás e coa miña irmá de certa señorita de vinte e oito anos que se chufaba de ser unha moza e non se atrevía a saír da casa ela soa. Unha vez, dixera: «Cando estea casada...», e iso provocou que nos chanceásemos dela unha chea de tempo. E noutra oca-sión que lle escapara, falando connosco: «Entre nós, as rapazas...». Oh, que escena montaramos! Parecéranos o súmum do ridículo.

E agora eu estaba nas mesmas. Unha solteirona! Xa non podía falar de esperanzas futuras, de voda; burlaríanse de min ás miñas costas. As demais rapazas tíñanme por unha vella. E levaban razón! As miñas coetáneas, mesmo Maria, que era máis nova ca min, estaban casadas, tíñan fillos que ían á escola; eran señoras. A miña vida murchara. Vía xurdir diante miña, coma unha ameaza, o biombo da pobre tía, e caíanme as bágoas silenciosas, desconsoladas, polas fazulas abaixo sobre a camisa, e non me decatava de que se me conxelaban as pernas, de que estaba aterecida. Unha solteirona!

Pola mañá estaba gravemente arrefriada, e utilicei aquela escusa, e a outra de que non sabía bailar, para non acudir ao serán de Maria.

Aparecer por vez primeira en sociedade como unha moza madura, demasiado vella para vestirme de branco, era demasiado humillante e doloroso.

Os seis meses que pasaron tras aquel día aciago, e o agosto seguinte, foron os máis sórdidos da miña vida.

En agosto daquel mesmo ano, unha noite que me deitara cedo, espertei contra as once morta de sede e fun á cociña ás escuras e cos pés descalzos para beber unha pouca auga.

Ía un caldelo abafante, todas as portas estaban abertas e escoitaba o meu pai e a madrasta de parola no seu dormitorio. O meu pai dicía:

—Eu non me atrevo a propoñerllo. Unha rapaza nova e guapa...

A madrasta contestaba:

—Claro que é guapa e que está na flor da vida, pero, como moza casadeira, vai algo madura.

—Pero, que dis! Cantos anos ten? Vinte e dous, vinte e tres...

Pobre padre, para el non era unha solteirona. Seguía a crerme a mociña que facía correr polos camiños principais namentres lle contaba *A Ilíada*. A madrasta corrixiu:

—Ten vinte e seis. É nova, repito. Pero hai tantas rapazas de dezaoito ou de vinte anos tan guapas coma ela e ricas; e, naturalmente, ela, que non ten dote, e ten anos de máis, se quere casar non debe ser demasiado esixente. É o primeiro que lle aparece...

Escapei para a cama con pés de la e co corazón baténdome con forza. Así que era o primeiro que me aparecía. Quen era? Quenquera que fose, facíame moito ben.

Estaba disposta a aceptalo; o mero feito de pedir a miña man xa era un tanto ao seu favor. El non me consideraba demasiado madura!

Con tal de que o meu pai non se empeñase en ser máis esixente ca min! Por que non se atrevía a propoñerme?

Talvez se trataba dun vello? Oh, Deus! Cantas suposicións, cantas novelas artellei aquela noite!

Foi a madrastra a que, o día despois, cando rematamos de comer, me explicou:

—Escoita, Denza. Apareceunos un partido para ti, pero non é gran cousa.

O meu pai estaba presente, pero lía o xornal para demostrar que quería quedar á marxe daquela proposta. Eu preguntei moi alterada:

—Quen é?

—É un notario de Vercelli que se vai establecer en Novara.

Até aquí non había nada de malo; pero debía de habelo, así que preguntei de novo:

—Vello?

—Non... Ten corenta anos.

Estaba a piques de dicir que me parecía vello, pero lembrei que era «unha moza feita» e, no canto diso, preguntei, buscando aínda o mal, xa que non era cousa da idade:

—É moi pobre?

—Pola contra, é adiñeirado. E cando veña para aquí, entrará como socio no despacho do notario Ronchetti.

Que tería logo de desvantaxe? O aspecto, seguro. Volvín preguntar, temerosa:

—Pero acaso é un monstro?

—Un monstro, non... Pero ten un defecto...

Estaba sen alento. Non me atrevía a preguntar máis. A madrastra deixou que me fixese á idea de que tiña unha eiva, incluso unha deformidade, para que o golpe me parecese menos grave; logo continuou:

—Mira, o que pasa é que ten una verruga; unha espunlla algo gorda na tempa dereita.

Quedei impresionada. Non conseguía imaxinar que tamaño podía alcanzar unha espunlla. Vira unha vez, en

Borgomanero, un labrego cunha excrecencia no nariz, o dobre de gorda ca o propio nariz; un horror. Pero non podía ser así. Aquilo non era unha espunlla, tiña que ser calquera enfermidade espantosa... Finalmente, armeime de valor e intereseime:

—É moi gorda?

—Non, ho! Coma unha noz. Se leva o pelo tapando as tempas, nin sequera se lle ve...

A imaxe dos cabelos amañados, apelicados sobre aquela monstruosidade que cumpría agochar, desgustoume máis ca a espunlla en si. Semellábame que se a levase con naturalidade, sería menos grave.

A madrasta replicou:

—De calquera maneira, velo non te compromete a nada. Antes de rexeitalo, mírao.

Inclinei a cabeza, resignada. Non era que me desgustase velo. Eu tamén o desexaba. Desgustábame que o matrimonio se presentase dun xeito tan diferente a como o soñara.

Fora o señor Bonelli quen propuxera para min o notario Scalchi, como propuxera varios anos antes a Antonio Ambrosoli para a miña irmá. Parecía que aquel parente arredado tivese como misión buscarnos marido. Para maior apuro, foi na súa casa e en presenza de Maria onde tiven que coñecer o meu pretendente.

Fomos cas dos Bonelli pola tarde, digamos que contra as sete. O mozo aínda non chegara. Falábase abertamente daquel encontro e da escusa que o motivaba.

Maria comentaba:

—É un home guapo, non ten máis ca ese defecto. Ademais, xa rexeitou esposas con dote, sabes? Propuxéranlle a señorita Vivanti e non a quixo porque era demasiado miúda. Presentáronlla mentres estaba sentada nun diván algo alto e decatouse de que os pés non lle chegaban ao chan...



A señorita Vivanti era unha sorte de monstro ao que os seus parentes e os seus amigos trataban de casar en van dende había varios anos. Como podía ser un home ao que se propuña aquel tipo de muller?

Chegou axiña, e a miña primeira impresión non foi desfavorable. Era alto e repoludo pero feito. Tiña unha mata de pelo castaño claro cortado a cepillo. Víase que non tentaba en absoluto levalo baixado sobre a tempa para ocultar o seu defecto. Por outra parte non podería; eran cabelos hirsutos que non se sometían.

Tamén para el a primeira impresión debeu de ser favorable, porque, apenas reparou en min coa ollada, e pasado un minuto, arrubiou coma un rapaz, e perdeu a aparencia desenvolta coa que asomara pola porta. Cando mo presentaron, tiveron un momento de embarazo, e sorprendendo os meus ollos fitos na súa tempa dereita, volveu arrubiar.

Mais non tardou en se recuperar e participou na conversa dos homes. Tiña unha voz harmoniosa, e expresábase ben. Falaba das arroceiras de Vercelli, lamentaba que estivesen tan preto da cidade, mais consideraba esaxerada e sentimental a compaixón dos escritores polos arroceiros. Dicía que, se os propietarios os tratasen con humanidade, poderían ocuparse dese cultivo sen sufrimentos. E espraiábase sobre un sistema de hixiene para os labregos; oílo aburriume moito.

Desexaba que me falase das súas esperanzas, das impresións que lle causara...; do amor, en definitiva.

Maria, como hábil señora da casa, soubo propiciar un encontro entre nós os dous a soas. Fíxonos saír a todos ao balcón; logo, pouco despois, volveu entrar coa madrasta para preparar o té, e os demais seguírona.

Ficamos sós no balcón.

Eu tiña os ollos fitos abaixo, na rúa, e estaba calada, ansiosa de escoitar por onde sairía.

Parecía pensalo moito, porque estivo un pedazo sen falar, logo apoiouse no peitoril ao meu lado e dixo:

—Señorita, non escoitei o seu parecer sobre a cuestión que se discutía antes.

Pensei que discutira co meu pai ou co señor Bonelli sobre o noso matrimonio; sentín subir ao rostro un rauto de rubor e, confusa, preguntei:

—Que cuestión?

—A das arroceiras.

Crin que estaba de broma e mireino estupefacta. Pero el, sen facer caso do meu estupor, continuou:

—Os meus terreos, os poucos que teño, porque eu non son o que se di un gran terratenente, están nas arroceiras. E alí vivo boa parte do ano para vixiar en persoa os labores do campo. Para os propietarios de arroceiras, é unha obriga da conciencia; doutro modo, cómpre confiar nos capataces, e entón si que os pobres xornaleiros, nesas mans, están sometidos a un traballo excesivo, mal pagos, mal nutridos, aloxados de calquera maneira, tratados como escravos...

Eu respondín algo anoxada:

—Eu diso non lle entendo, sabe? Nós tiñamos uns terreos cativos preto de Gozzano; bosques e viñedos. De arroceiras non sei nada.

—Pero podería atoparse no caso de ter que coñecelas, de posuílas. E queredría que comprendese a necesidade de sacrificarse para vixialas en persoa. Digo sacrificarse porque entendo que é un auténtico sacrificio, especialmente para unha señora. Eu, por exemplo, teño unha casa ampla, cómoda e mesmo bastante elegante; mais non é unha residencia de vacacións na que se poidan recibir convidados, onde haxa lugar para as diversións. Danse longos paseos polo día, pero pola noite cómpre retirarse cedo, quedar encerrado na casa ao pé do lume...

Entendín que trataba de prepararme para a vida que me esperaba; no entanto, quería que lle puxese algo máis de sentimento. Estaba desalentada. El talvez non se decatou porque dixo:

—Eu estou acostumado e fágoos con gusto, por un sentimento de humanidade, pero se dentro duns meses, naquelas longas noites de néboa, tivese preto a alguén...

Vacilou un intre e fixo unha pausa. Se cadra buscaba nos meus ollos para atopar neles o estímulo de explicarse sobre ese alguén; pero eu non me atrevín a virarme e el rematou cunha risiña chea de misterio:

—Acostumaríame aínda mellor.

Maria saíu con dúas cuncas de té e, cando me ofreceu a miña, bisbou:

—Como vai?

E ao me ver colorada e confusa, ela mesma concluíu que ía ben.

Estaba desmoralizada, porque entre aquel home tan práctico e a brétema das súas arroceiras vía esvaecerse os meus soños sentimentais. Con todo, estaba resolta a casar con el para non quedar solteirona.

Todos saíron ao balcón sorbendo o té nas súas cuncas, convencidos de que aqueles poucos minutos abondaran para decidir toda a nosa vida. E en realidade abondaran. Decidirámolo.

O señor Scalchi marchou antes ca nós, e o señor Bonelli, que o acompañara ao recibidor, volveu feito en si, voceando:

—Está feliz e afirma que non podería desexar unha esposa máis guapa e amable. Incluso está namorado; só teme non ser aceptado. Tremíalle a voz cando me falaba. Estreitoume a man a piques de chorar: estaba moi emocionado.

Quedei desconcertada ante aquela emoción que estalara no vestíbulo, mentres que diante de min non soubera

inspirarlle nin unha palabra. Malia todo, gustoume e mar-  
chei afagada. Tamén podía axudarme a saír do apuro. To-  
dos me miraron esperando a miña resposta, e a madrastra,  
vendo que quedaba calada, preguntoume:

—Que dis? Gústache ou non?

Eu balbucín:

—Se non tivese esa espunlla...

—Ah, se non a tivese é certo que sería mellor. Pero  
tena. É inevitable. Debes aceptalo con ese engadido ou  
rexeitalo.

Puxen aínda outra obxección para salvar a dignidade:

—Non podería mandala quitar?

Produciuse un silencio incómodo. Todos se miraron e  
tiveron a impresión de ler nos seus rostros unha expresión  
de censura. Axiña o señor Bonelli respondeu:

—Como lle imos propor semellante cousa? Amais, se  
fose unha operación posible, ben que a habería de facer de  
novo...

A madrastra díxome con severidade:

—Pero a ti que che parece? Como vai expor un home  
a súa vida por un capricho...?

E Maria apuntou:

—Sería un desprazo que lle botases na cara o seu de-  
fecto agora que te coñeceu e que se namorou de ti... Sé  
xenerosa, acéptao como é...

O meu pai interrompeuna:

—Non a influencies, Maria. Deixa que o pense ela. Ró-  
galle ao Señor que lle dea unha boa inspiración. Que lle  
prenda unha candeia á Virxe e despois que faga o que o  
corazón lle aconselle. Trátase de toda a vida. Se o esposo  
non lle gusta, é mellor que diga que non rápido, para non  
arrepentirse despois.

Non tiña ningunha intención de dicir que non. Inclinei  
a cabeza en silencio e todos entenderon que aceptara, e

durante o resto da noite falouse do patrimonio de Scalchi, dos seus terreos en Borgo Vercelli, do despacho de Novara e do seu socio como de cousas que nos tocasen de preto.

Pola mañá dixeran que si definitivamente.

O prometido foi admitido na casa. Entregoume os habituais regalos nupciais, buscou unha vivenda e fixo traer os seus mobles dende Vercelli, e finalmente fixouse a data da voda que, grazas á boa situación financeira do esposo, debía organizarse con gran solemnidade.

Dende aquel momento xa non tiveran tempo de pensar nas miñas pasadas aspiracións, e case tampouco no meu esposo. O matrimonio, cos seus preparativos formais, absorbíame por enteiro, a min e o resto da familia. A miña irmá deixáralle o fillo á sogra e viñera a Novara para axudarnos. Estabamos todo o día fóra, mercando ou de visita para anunciar o casoiro. E pola noite, a miña irmá e mais eu faciamos copias, coa nosa caligrafía máis esmerada, dun epitalamio que o noso pai preparara para as miñas nupcias.

A medida que unha copia estaba rematada, el corríxíaa—sempre había algo que corraxir nas nosas copias—, despois enrolábaa, atábaa cunha fita vermella e escribía enriba o nome dos destinatarios con precisión notarial: «Señor Bonelli, enxeñeiro Agapito, xenro e filla, e señores Crespi»; «Señor Martino Bellotti, doutor en medicina, cirurxía e obstetricia, e consorte».

Entre tanto, a madrasta concertaba o banquete e ocupábase dos invitados, e cadora e cando interrompía o noso traballo para consultarnos e manter longas discusións.

Que eu lembre, nunca se fixera un convite para comer na nosa casa. Tiñamos o costume de xantar na cociña de calquera maneira, e, cando se presentaba o tío Remigio, ou

algún dos Ambrosoli, ou calquera outro parente de fóra, ofrecíaselles a nosa comida familiar sen engadido ningún, naquela mesa da cociña, entre os fogóns e o biombo da tía.

Agora o biombo xa non estaba alí, pero de calquera modo non era posible servir un banquete nupcial na cociña. Cumpría atondar o salón.

Aquela novidade excitounos en gran medida. Había que sacar de alí os sacos de millo, as patacas, as castañas e todo o demais; tiñamos que destapar os mobles e colgar as cortinas e quitar as mesas redondas para substituílas pola grande da cociña. Pero como esta non era longa dabondo, engadímoslle aínda nas dúas cabeceiras as mesas redondas, que eran algo máis baixas e facían un efecto curioso e nada estético. Ningún dos nosos manteis tiña as dimensións daquela mesa así ampliada, de xeito que as dúas mesas redondas cubríronse cun mantel diferente que non conxuntaba, alén de que quedaban un chanzo por baixo da mesa central.

O noso pai suxeriu que disimulásemos o tal chanzo cunhas flores, mais renunciou a recitar a súa intervención, como se acordara previamente, dende a cabeceira da mesa, porque ao estar sentado máis baixo, non dominaría todo o comedor cando lese o epitalamio. Elixiu un sitio no centro, e a madrasta outro en fronte del, aínda que aquela nova moda francesa non era do seu gusto.

Así mesmo, o meu vestido de noiva fora obxecto de innumerables discusións. A solemnidade que se lle pretendía dar á cerimonia non cadraba co luxo do vestido branco. Elixín un vestido de seda vermella con cola do que estaba orgullosa, pero Maria considerouno impropio das circunstancias, ademais de *provinciano*. Entón a madrasta propuxo vestirme de viaxe, e por máis que lle fixen notar que non iamos facer viaxe ningunha, non houbo modo de convencela, e o vestido de viaxe foi aceptado.

Ao cabo chegou aquela mañá agardada e temida. Cando estiven vestida coma unha turista que se dispuxese a dar a volta ao mundo, dei en chorar abrazando a todos antes de ir para a igrexa, coma se non nos fóssemos volver ver endexamais. Logo, durante a cerimonia chorei tanto que foi un milagre que se escoitase o meu «Si», que tratei de pronunciar entre dous saloucos. E despois volvíñ romper a chorar ás caladas durante todo o banquete, respondendo cun pequeno sotelo cada vez que me facían un afago, tanto que prescindiron de facermos e todos comeron tranquilos, falando de temas serios, das colleitas, que aquel ano eran boas, dos nosos viños da parte alta de Novara, que non teñen nada que envexarlles aos do Piemonte, e do segundo viño, «algo frouxo pero excelente e axeitado para beber acotío».

Logo, na sobremesa, cando o meu pai desencartou unha das tantas follas que escribira eu mesma, e empezou a ler en voz alta:

*In questo dí, sacro ad Imene, io prego  
La Vergine ed i Santi a voi propizi...*<sup>9</sup>

aqueles versos, que sabía de memoria, emocionáronme até tal punto que estourei nun pranto imparable e tiveren que saír.

Desta maneira foi como, tras todos aqueles anos de amor, de poesía, de soños románticos, se acordou por fin o meu matrimonio.

---

<sup>9</sup>N. da T.: Neste día, sagrado para o himeneo, rógolle / á Virxe e aos santos que vos sexan propicios...

Agora teño tres fillos. O meu pai, que o día do encontro con Scalchi prendera en persoa a candeia que me recomendara, di que a Virxe me concedeu unha boa inspiración. E a madrastra sostén que recuperei o meu aire cándido e babiolo dos meus anos mozos.

O feito é que estou a engordar.







